

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de maio de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de maio de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente por invitación a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(608).- PADRÓN FISCAL DE RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO ANO 2004. EXPTE. 23742/513.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 19.05.04, conformado pola directora de ingresos, pola interventora xeral e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

1º) Aprobar o Padrón fiscal de Recollida de vivendas do ano 2004 por importe total de 7.733.412.30.- Euros segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 101273 que figura a nome de D^a ISABEL ALONSO VALVERDE. polo obxecto tributario sito en CM ABADE (CORUXO) Nº

3 e remata coa inscrición nº 94946 que figura a nome de Dª Mª CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ COMESAÑA polo obxecto tributario en CTRA. ZONDAL nº 2, cun total de 114.654 recibos.

2º) Proceder á exposición pública. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período de exposición pública, segundo consta no artigo 57 da Ordenanza fiscal xeral.

2(609).- PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓNS UNIFICADAS INDUSTRIAIS DO ANO 2004. EXPTE. 30694/516.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-propota do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 19.05.04, conformado pola directora de ingresos, pola interventora xeral e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

1º) Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2004(taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva de aparcamento) por importe total de 5.470.988,53.- Euros segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 1900 que figura a nome de D. JORGE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ polo establecemento sito en R/ ZARAGOZA nº 64, cun total de 19.360 recibos e correspondendo a:

- taxa de lixo industrial	4.560.573,11.- Euros
- entrada vehiculos	885.623,22.- Euros
- reservas aparcamento	24.792,20.- Euros

2º) Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra actos de liquidacións das taxas de lixo, entrada de vehículos e reserva de aparcamento recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período de exposición pública, segundo consta no artigo 57 da Ordenanza Fiscal Xeral.

3(610).- RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1181/110.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Excma. Alcaldesa do 3.05.04 sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con motivo da recente entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local e ó obxecto de que comece as súas funcións na próxima data de 1.07.2004, resulta preceptiva e urxente a cubrición dos cargos do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, órgano configurado no artigo 137 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A natureza xurídica que a lei lle reserva a estes cargos públicos é a de membros dun órgano institucional especializado, que ten por obxecto o desenvolvemento das funcións legalmente reservadas, resultando competencia da Xunta do Goberno Local o establecemento do seu réxime retributivo segundo o disposto no artigo 127. O seu nomeamento deberá realizarse polo Pleno, por maioría absoluta, entre persoas que reunan os requisitos que se esixan regulamentariamente.

Por outra banda, atopándose o orzamento municipal ó día de hoxe en situación de prórroga e non figurando unha reserva de créditos específica para atender o custo retributivo deste órgano institucional resulta preceptiva a habilitación dos créditos pertinentes.

Polo anteriormente exposto e sen prexuízo do que resulte na aprobación definitiva do proxecto de Regulamento do Tribunal, esta Alcaldía-Presidencia propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo,

Primeiro.-Aproba-lo establecemento do seguinte réxime retributivo para o cargo de Presidente do Tribunal Económico-Administrativo Municipal do Concello de Vigo, referido a unha mensualidade:

- *SOLDO: 1.048,64 euros*
- *Complemento específico: 2.000,00 euros*
- *Complemento de destino (nivel 28): 791,20 euros*

Segundo.- Aproba-lo establecemento do seguinte réxime retributivo para os cargos de Secretario e Vocal do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo referidos a unha mensualidade:

- *SOLDO: 1.048,64 euros*
- *Complemento específico: 1.950,00 euros*
- *Complemento de destino (nivel 28): 791,20 euros*

Terceiro.- O seu réxime retributivo será o establecido con carácter xeral para os funcionarios públicos municipais. Ditas retribucións actualizaranse nos respectivos exercicios cos incrementos porcentuais establecidos polas Leis de orzamentos do Estado.

Cuarto.- O desempeño dos citados cargos realizarase en réxime de dedicación exclusiva, quedando suxeitos ó réxime de incompatibilidades establecido na lei 53/84, de 26 de decembro e demais normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación, segundo o disposto no artigo 130.4 da lei 7/85, de 2 de abril.

Quinto.- Con carácter previo ó nomeamento dos membros do órgano, e para o suposto de insuficiencia de créditos derivada da bolsa de vinculación, procederase pola Alcaldía Presidencia á transferencia de créditos dentro do capítulo I en orde á consignación do gasto anual que orixinen as retribucións aprobadas.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal ó obxecto de que proceda a instrumentaliza-lo expediente de transferencia de créditos anteriormente mencionado.

Acordo

A Xunta de Goberno presta aprobación á precedente proposta.

4(611).- PRÓRROGA DA ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALDABA PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE INTERVENCIÓN CON MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA. EXPTE. 10863/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Benestar Social, do 20.04.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, polo concelleiro delegado de área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a prorroga da Addenda do convenio asinado en 2002 entre o Concello de Vigo e a Fundación Aldaba para o establecemento de colaboración para a realización dun proxecto de intervención con menores en situación de risco e prevención da violencia, durante o mes de maio do presente ano, respetando os contidos do mesmo.

2º.- Aprobar o gasto de 11.657,50 euros, a favor da Fundación Aldaba, cantidade que cubrirá os custos da actividade durante o mes de maio de 2004, ata o 31 de maio, momento en que o programa de Intervención con menores, conxuntamente co de Familia deberán estar adxudicados como servizo propio dos servizos sociais municipais.

5(612).- DAR CONTA DA SINATURA DA 1ª ADDENDA DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E SERVIZOS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS PARA O ANO 2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 13.05.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

Quedar enterada da 1ª addenda da prorroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, firmada o día 02.01.04, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependencias para o ano 2004 cunha primeira addenda de 221.791,79 € por parte do Plan Autonómico.

1ª ADDENDA-PRÓRROGA Ó CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS

ADDENDA

En Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro de dous mil catro REUNIDOS

DUNHA PARTE:

D. José María Hernández Cochón, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servicio Galego de Saúde, actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1998 do 20 de outubro e no artigo 3 do Decreto 44/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de conformidade co establecido no acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, feito público mediante resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (D.O.G. nº 82 do 30.04.91 }.

E POR OUTRA:

D. Corina Porro Martínez, con D.N.I. nº 32.610.818, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que, ó amparo do establecido pola Orde da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, do 25.04.94 (D.O.G. nº 92/93, de 13/16 de maio de 1994), o día 25 de agosto de 1994 subscribían ambas partes un convenio de cooperación para o desenvolvemento de servizos ou programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas a través de unidades e servizos asistenciais xestionados por dita entidade.

SEGUNDO.- De acordo coa cláusula décimo primeira dese convenio, contemplábase a posibilidade dunha prórroga do mesmo, por anos naturais, salvo denuncia expresa das partes.

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorroga-lo convenio de cooperación suscrito o 25 de agosto de 1994 entre ámbalas dúas partes para o desenvolvemento de servizos ou programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas a través de unidades e servizos asistenciais xestionados polo Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Esta prórroga terá vixencia ata o 31 de decembro do ano 2004 e quedará condicionada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- existencia de crédito orzamentario suficiente para o exercicio do ano 2004,

2.- cumprimento das obrigas contraídas a través do convenio asinado entre ambas partes o 25 de agosto de 1994, así como do disposto pola Orde da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais do 25 de abril de 1994.

TERCEIRO.- Para apoiar-lo desenvolvemento do obxecto do convenio que se prorroga, a Consellería de Sanidade aboará, para o exercicio do ano 2004, a cantidade de 221.791,79 {DOUSCENTOS VINTEÚN .MIL SETECENTOS

NOVENTA E UN EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS), con cargo á aplicación orzamentaria 11.01.313A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma do ano 2004.

CUARTO.- A contía expresada no acordo anterior farase efectiva do xeito previsto na cláusula sétima do convenio que se prorroga.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan e rubrican en duplicado exemplar o presente documento no lugar e data antes citados.

6(613).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DENEGACIÓN EXPTE. 16/17192.

Examiandas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 11.05.04, conformado polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

Denega-la prestación do Servizo de Axuda no fogar á D^a Aurora Dacosta Carreras. Expte. 16/17192.

7(614).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA NAUTILIUS PARA REALIZAR A V EDICIÓN DO DÍA DA BICICLETA O DÍA 27.06.05 NA PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE.4489/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Nautilus e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 11.05.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar á Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Nautilus a celebrar o vindeiro día 27 de xuño de 2004 a V edición do Día da Bicicleta que se desenvolvería por distintos barrios da parroquia de San Andres de Comesaña e co percorrido seguinte: saída e chegada camiño Sanín 54, diante do local social, estrada de Casás, Camiño de Rial, camiño de Outeiro e camiño de Sanín entre as 11:00 h. e ás 13:30 h.

8(615).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO RALLY INTERNACIONAL COSTA ATLÁNTICA CLASSIC PARA REALIZAR DITO RALLY PARA VEHÍCULOS CLÁSICOS OS DÍAS DO 23 Ó 26 DE XUÑO. EXPTE. 4488/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da organización do Rally Internacional Costa Atlántica Classic e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 4.05.04,

conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar á organización do Rally Internacional Costa Atlántica Classic a celebrar os vindeiros días 23 (parque pechado), 24, 25 e 26 de xuño de 2004 o Rally Internacional Costa Atlántica Classic para vehículos clásicos fabricados entre 1940 e 1975, así como a instalación do parque pechado o día 23 na zona das Avenidas próxima as instalacións do RC Náutico, e a saída ás 10:00 h do día 24 polas rúas Praza de Compostela, Areal e nó de Isaac Peral para entrar na autopista cara a Baiona..

9(616).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA FEDERACIÓN HÍPICA GALEGA E O CLUB HÍPICO LA MURALLA PARA REALIZAR O TORNEO INTERNACIONAL DE HORSEBALL CIDADE DE VIGO NO VAO OS DÍAS DO 25 Ó 27 DE XUÑO. EXPTE.4487/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Federación Hípica Galega e o Club Hípico La Muralla e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 30.04.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Federación Hípica Galega e o Club Hípico La Muralla a celebrar o Torneo Internacional de Horseball Cidade de Vigo os vindeiros días 25, 26 e 27 de xuño de 2004 que se desenvolvería no Vao no campo de fútbol praia que está a carón de Club de Campo.

10(617).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA DELEGACIÓN VIGUESA DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA REALIZAR A XIX CARREIRA PEDRESTE NOCTURNA DE SAN XOÁN O DÍA 23.06.04 POR DIVERSAS RÚAS DO CONCELLO. EXPTE. 4486/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.05.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Delegación Viguesa da Federación Galega de Atletismo ten previsto celebrar o vindeiro día 23 de xuño de 2004 a XIX edición da Carreira Pedreste Nocturna de San Xoán que se desenvolvería con saída ás 21:30 h. dende a praza do Rei e con percorrido polas rúas Camelias, Romil, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomas Alonso, Paulino Freire, Bouzas, Beiramar e chegada a Ribeira do Berbes.

11(618).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA A.VV. PRAZA DA MIÑOCA PARA REALIZAR UNHA MARCHA POPULAR POLAS RÚAS DO BARRIO O DÍA 20.06.04. EXPTE. 4485/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da A.VV. Praza da Miñoa e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a A.VV. Praza da Miñoa, co obxectivo de fomentar o deporte e a relación entre a vecindade, a celebrar o vindeiro día 20 de xuño de 2004 unha marcha popular polas rúas do barrio, que se desenvolvería co percorrido seguinte: saída praza da Miñoa, Angel Llanos, Avda. da Florida, Echegaray, Segundo Mariño, Xosé Gil, Luís Ksado ata Avda. de Castelao para rematar no campo de fútbol sala da rúa Luís Ksado. O horario previsto para esta proba é entre ás 11:00 h. e ás 12:00 h.

12(619).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA MONTE DA MINA PARA REALIZAR A XXIII MARCHA CICLISTA POPULAR MONTE DA MINA O DÍA 13.06.04. EXPTE. 4484/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Asociación Veciñal, Kultural e Deportiva Monte da Mina e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.05.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva Monte da Mina 5 a celebrar o vindeiro día 13 de xuño de 2004 a XXIII marcha Ciclista Popular Monte da Mina que se desenvolvería por distintos barrios da parroquia de Castrelos e co percorrido seguinte: saída e chegada camiño Monte da Mina Tres Cruceiros, Camiño Falcoa, Macal, Avda. de Castrelos, Pereiro, Subida o Parque, Ribadavia, Pazó, Subida a Costa, Camiño da Costa e Monte da Mina. A hora de saída está prevista arredor das 10:30 h.

13(620).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A ORGANIZACIÓN DA 40 EDICIÓN DO RALLY RÍAS BAIXAS OS DÍAS 28 E 29 DE MAIO. EXPTE. 4483/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Escudería Rías Baixas e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 14.05.04, conformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Escudería Rías Baixas a organizar os vindeiros días 28 e 29 de maio de 2004 a 40 edición do Rally Rías Baixas polas estradas do termino municipal de Vigo dende o recinto feiral do IFEVI, lugar onde se emprazará o parque pechado e de onde saíran para a realización dos diferentes tramos e regreso o mesmo punto o remate dos mesmos.

14(621).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2004. EXPTE. 2312/077.

Mediante escrito de data 11.05.04, de conformidade co establecido na Base 31ª das “Bases para a Execución do Presuposto Municipal 2003” do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local informa á Xunta de Goberno Local dos seguintes expedientes de contrato menor autorizados no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, correspondentes ó mes de marzo e abril do presente ano 2004:

Nº Exp.	Concepto	Subministrador	Importe
2190/077	Autorización de contrato menor de servizos para curso de socorrismo e primeiros auxilios da E.O. “Mar de Vigo II”.	Cruz Roja Española	1.800 €
2191/077	Autorización de contrato menor de subministros para adquisición de material de oficina para a E.O.”Mar de Vigo II”.	Varios	1.000 €
2192/077	Autorización de contrato menor de subministros para prensa, revistas, libros e outras publicacións para a Escola Obradoiro “Mar de Vigo II”.	Varios	1.000 €
2193/077	Autorización de contrato menor de subministros para adquisición pequenos subministros para a E.O. “Mar de Vigo II”.	Varios	1.000 €
2201/077	Autorización de contrato menor de servizos para a contratación dos sistemas de prevencións nas instalacións dependentes do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.	Extintores Celta, .S.L.	488,77 €
2203/077	Autorización de contrato menor de asistencia técnica para o Proxecto “Abeiro”.	D´Aleph, SCCL	3.661,54 €
2214/077	Autorización de contrato menor de subministros para a adquisición de madeira para construcións de embarcacións para a E.O. “Mar de Vigo II”.	Benito Estévez e Hijos,S.L.	2.584,26 €

2215/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de madeira para a E.O. “Mar de Vigo II”.	Varios	4.203,90 €
2235/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de ferramentas para “Actividades Náuticas” da E.O. “Mar de Vigo II”.	Fernández & Comesaña	4.488,38 €
2236/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de ferramentas para “Técnicas de Construcción Naval” da E.O. “Mar de Vigo II”.	Valfer,S.L.	7.874,97 €
2237/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de ferramentas para “Carpintería de Ribeira” da E.O. “Mar de Vigo II”.	Fernández & Comesaña	1.986,43 €
2238/077	Autorización de contrato menor de suministros para atencións protocolarias.	Varios	3.000 €
2247/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de tubo e entramado de ferro galvanizado para a E.O. “Mar de Vigo II”.	Hierros Lago	1.342,05 €
2260/077	Autorización de contrato menor de consultoría y asistencia para obtención da Autorización Federativa por parte do alumnado da E.O. “Mar de Vigo II”.	Varios	1.530,00 €
2262/077	Autorización de contrato menor de suministros para adquisición de materiais para “Actividades Náuticas” da E.O. “Mar de Vigo II”.	Efectos Navales Jesús Betanzos,S.L.	7.724,99 €
2267/077	Autorización de contrato menor de prestación de servicios para pagamento servicio seguridade do Centro Municipal de Formación en Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC).	Segurgal, Sistemas de Seguridad	464,00 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

15(622).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GENERAL GITANO PARA DESENVOLVEMENTO

DE ACCIÓNS COA POBOACIÓN XITANA NO MARCO DO PROGRAMA PLURIRREXIONAL DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN DO FONDO SOCIAL EUROPEO. EXPTE.2211/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 1.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, pola interventora xeral e co conforme xurídico de técnico da Admón. Xeral correspondente, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o texto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado General Gitano, incluído no expediente, para a súa sinatura, asumindo a obriga de cofinancialo por un importe de 31.212 euros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GENERAL GITANO

En Vigo, a de de 2004

INTERVEÑEN:

Dunha parte, o Concello de Vigo, representado por Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local nomeada por Resolución de Alcaldía de data 17 de decembro de 2003. O Concello de Vigo desenvolve, principalmente a través da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, políticas activas de formación e emprego.

Doutra parte, D. Pedro Puente Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado General Gitano, segundo escritura de data 4 de outubro de 2001 de constitución da Fundación. A Fundación Secretariado General Gitano ten como fin fundamental a promoción integral da comunidade dende o recoñecemento da súa identidade cultural, ó subrogarse nos dereitos e obrigas da Asociación Secretariado General Gitano.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN:

Primeiro- Que a construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada, pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións ós bens e servizos da comunidade.

Segundo- Que é responsabilidade de todas as instancias sociais incluír a promoción da integración e a loita contra a exclusión en todas as súas iniciativas e actividades, pois a fractura social que supón a marxinación e a

postergación de grupos ou comunidades de cidadáns, constitúe unha contradicción cos principios e prácticas que deben informar as sociedades democráticas avanzadas.

Terceiro- Que a nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxinados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

Cuarto- Que a sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen es teñen acceso ós novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ó máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo ós coñecementos e loitar contra o desemprego.

Quinto- Que o emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Sexto- Que os recursos económicos que teñen a súa orixe nos Fondos Estructurais e as Iniciativas Comunitarias da Unión Europea constitúen unha ferramenta especialmente apropiada para promover e desenvolver accións positivas de fomento do emprego e loita contra a exclusión, sexa cal sexa a forma que adopte, polo que representan unha vía de financiamento de especial interese para as organizacións que, como as asinantes deste convenio, traballan pola promoción humana e desenvolvemento integral de todas as persoas.

Sétimo- Que as organizacións que accedan a eses fondos teñen a responsabilidade de xestionalos e administralos do mellor xeito posible, intercambiando experiencias, coñecementos, creando economías de escala, promovendo a intersectorialidade e establecendo marcos de colaboración globais que amplíen os beneficios e intensifiquen os resultados destas accións, abarcando ó maior número posible de persoas.

Oitavo- Que ámbalas dúas partes conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como do propio Plan Municipal de Emprego 2004-2007 do Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación dos xitanos, con baixos niveis de instrucción e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase ás persoas xitanas como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

Noveno- Que a Fundación Secretariado General Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000-2006, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio. É vontade das partes concretar esta colaboración durante o período completo de vixencia do Programa Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000–2006, vontade que se deberá ir concretando nos correspondentes convenios de colaboración.

Décimo- En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á poboación xitana no marco do Programa Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000 - 2006.

Segunda.- O obxectivo común das accións será o da mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma. A colaboración prevista versará especialmente sobre as materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ó emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios e entes públicos, estudos e metodoloxía a aplicar ós programas.

Terceira.- A Fundación Secretariado General Gitano, no marco do Programa Plurirrexional de Loita Contra a Discriminación Fondo Social Europeo 2000-2006, desenvolverá as seguintes actuacións na cidade de Vigo:

- *Mantemento dun dispositivo de emprego coa funcionalidade de realización de:*
 - a) *Accións de captación e acollida de usuarios/as ademais de sensibilización da comunidade xitana arredor das oportunidades e dificultades do mundo do emprego por conta allea.*
 - b) *Accións de información, orientación laboral, e busca activa de emprego con cada un dos usuarios/as do programa. Estas accións apoiaranse nun traballo individualizado con cada persoa, desenvolvendo un itinerario de empregabilidade e de capacitación persoal e profesional que será pertinentemente recollido na base de datos xeral do programa e nos instrumentos de seguimento deseñados para tal fin.*
 - c) *Accións de acompañamento e acceso da poboación cigana, preferentemente moza, á formación e ao emprego. En especial realizaranse accións de prospección do mercado de traballo, de intermediación de ofertas de emprego, de selección de persoal dentro dos perfís mais elevados de empregabilidade de cantos figuren na nosa bolsa de emprego e un deseño de accións formativas axustadas ás demandas percibidas e axustadas ás capacidades e inclinacións dos usuarios/as do programa. Cada ano realizarase alomenos*

unha acción de formación con compromiso de contratación ou con un forte impacto avaliable no acceso ao emprego.

- *Desenvolvemento dunha serie de actuacións dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas coa comunidade xitana, especialmente as relacionadas co acceso ao sistema de saúde, como base dunha produtividade estable, á formación profesional, á incorporación social plena da muller xitana e á eliminación da discriminación no acceso xeral aos bens e servizos, con especial atención aos relacionados coa vivenda e o emprego.*

Cuarta.- O Excmo. Concello de Vigo aportará anualmente para o desenvolvemento destas accións en concepto de cofinanciamento a cantidade de 31.212 euros. Dita cantidade incrementarase anualmente de acordo á suba prevista do Índice de Prezos ó Consumo e non poderán proceder de fondos europeos, co obxecto de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos. Esta cantidade farase efectiva do seguinte xeito:

- *o 50% (15.606 euros) no momento da sinatura do convenio, para facer fronte os custos de posta en marcha das actividades incluídas no presente convenio;*
- *o 25% (7.803 euros) cando se presenten e conformen os documentos que xustifiquen a realización da actividade, nunha contía mínima igual á cantidade adiantada;*
- *o 25% restante (7.803 euros) cando se acredite gasto polo importe total da cofinanciación municipal.*

Estes pagos faranse efectivos tras a oportuna tramitación por parte do responsable do departamento municipal xestor (Desenvolvemento Local e Emprego) da correspondente certificación de cumprimento dos compromisos adquiridos.

Quinta.- Incentivarase, polas partes asinantes deste Convenio, a promoción daquelas iniciativas que teñan por finalidade a inserción das persoas xitanas novas desempregadas e en situación de exclusión social, con especial relevancia nos mozos entre dezaseis e vintecinco anos. Prestarase especial atención ó fomento dos servizos de proximidade e ós empregos e ocupacións vencellados a estas actividades que podan repercutir na mellora das condicións de vida da poboación xitana. Dentro do citado marco normativo, poderán desenvolverse accións tales como estudos e análises prospectivas que afonden nun maior coñecemento da situación da comunidade xitana, temas relacionados cos servizos de proximidade, a mellora da calidade de vida das persoas e a cultura. Así mesmo poderá impulsarse o desenvolvemento de programas, metodoloxías, enfoques e materiais didácticos adaptados á comunidade xitana, así como o establecemento de novos sistemas de avaliación e auditoría das actividades formativas e o seus resultados.

Sexta.- A Fundación Secretariado General Gitano, con suxección á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se suscriban, desenvolverá estes proxectos e programas, obrigándose ó estricto cumprimento das instrucións do Concello de Vigo, así como ás do Fondo Social Europeo en materia de control, seguimento, avaliación e xustificación da actividade e os resultados da mesma.

Sétima.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio e das actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios da mesma. Así mesmo, deixarase constancia fehaciente da participación do Fondo Social Europeo, e no seu caso do FEDER, naquelas accións que sexan financiadas, en todo ou en parte, por este Fondo Estructural, a tenor do disposto na Decisión da Comisión das Comunidades Europeas de 21 de marzo de 1999.

Oitava.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ó ano. Os representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta da Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ó maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

Décima.- As accións que se executen no desenvolvemento do establecido no presente Convenio de Colaboración, axustaranse en todo momento ós requisitos, condicións, prazos legais e regulación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia.

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Undécima.- O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2004 e, previo acordo expreso do órgano competente, poderá ser prorrogado por novos períodos de un ano ata o final do Plan municipal de emprego 2004-2007.

As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

16(623).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “OBRADOIRO DE EMPREGO VIGOZOO 2”. EXPTE. 1466/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.05.04, conformado pola concelleira de Promoción económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O proxecto denominado Obradoiro de emprego "VIGOZOO II", concibido como continuidade do proxecto de obradoiro de emprego "Vigozoo" e aprobado pola Comisión de Goberno municipal na súa sesión do 21 de outubro de 2002, foi presentado á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia o 28 de outubro de 2002.

Con data 13/05/04 a Delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais remite Resolución aprobatoria de data 12 de maio de 2004, concedendo subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado "Obradoiro de emprego Vigozoo II". As características básicas do proxecto aprobado son:

Denominación: Obradoiro de emprego "Vigozoo 2"

Duración: 12 meses

Data prevista de inicio: 30 de xuño de 2004

Nº total de alumnos-traballadores: 45. Por especialidades:

Carpintería	15
Construcción	15
Xardinería	15

Subvención concedida pola Xunta de Galicia: 745.521,30 euros

Obxectivos da actuación:

- ofrecer formación e experiencia laboral ós desempregados participantes, maiores de 25 anos, en profesións con expectativas de inserción laboral.
- continuar coa mellora dos aspectos máis deficitarios das instalacións municipais do zoo, tanto na súa imaxe como no seu funcionamento, segundo proxecto técnico aprobado.

Ubicación da Escola:

As aulas, oficinas e talleres, así como todos os demais equipamentos necesarios para o desenvolvemento do proxecto "Obradoiro de emprego Vigozoo II", estarán ubicados nas instalacións municipais do zoo, na Madroa, para o que xa se está procedendo, en colaboración cos responsables do Organismo Autónomo Local "Vigozoo", á súa oportuna adecuación.

Por este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego se están a efectuar as xestións oportunas para a posta en marcha do proxecto: realización das ofertas xenéricas ao Servizo Público de Emprego (a través do grupo de traballo mixto Consellería-Concello), no relativo á selección do persoal do proxecto (coa celeridade obrigada pola necesidade de pñer en marcha a escola con anterioridade ó 30 de xuño de 2004, para que tamén a segunda fase, de seis meses, se inicie no presente ano, requisito da Xunta de Galicia), expediente de xeración de crédito diante da Oficina de Intervención Xeral e optimización das instalacións para a posta en marcha.

O que se comunica á Excm. Corporación Municipal para o seu coñecemento.

A Xunta de Goberno queda enterada.

17(624).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E OUTROS MATERIAIS QUE PRODUZA ESTE CONCELLO PARA CHATARRA ADXUDICADO A AUTODESGUACES VIGO S.L. EXPTE. 13918/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 6.05.04, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno, en sesión de 02-04-2001, adxudicou a Autodesguaces Vigo, S.L. a subhasta para o alleamento da chatarra que produza o Concello de Vigo.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexe o contrato aprobado por acordo de Comisión de Goberno de 05-03-2001, establécese que o contrato terá unha duración de un ano, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de tres.

Con datas 22-04-2002 e 17-03-2003 o citado órgano acordou prorrogalo contrato por un ano, estando o contrato vixente polo tanto ata o 31-05-2004.

Os servizo de Mobilidade e Seguridade manifesta que non existe inconveniente para a prorroga do contrato, non obstante solicita que e lle requira a empresa a autorización como centro autorizado de reciclaxe e descontaminación de vehículos.

Esta documentación foi presentada e consta copia cotexada no expediente

Por todo iso, proponse a Xunta Local de Goberno, a adopción d seguinte acordo:

“Prorroga-lo contrato adxudicado a Autodesguaces Vigo, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 02-05-2001, para o alleamento de vehículos e outros materiais que produza este concello para chatarra, por un ano, contado a partir do 01-06-2004”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18(625).- PETICIÓN DE D. FERNANDO GONZÁLEZ AMADIOS DE EXTINCIÓN DO CONTRATO POLO QUE TEN ARRENDADO Ó CONCELLO DE VIGO O LOCAL SITO NO Nº 9 DA RÚA URUGUAY. EXPTE. 16662/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, de 19.03.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e a concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

D. Fernando Gonzalez Amadios, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello en data 2 de outubro de 2004, expón a petición, que a continuación se transcribe:

- *Que é propietario en Pleno dominio do local baixo situado na rúa Uruguay nº 9 desta cidade de Vigo.*
- *Que o Concello de Vigo é arrendatario do mencionado local, mediante contrato de arrendamento subscrito entra ámbalas dúas partes o 14 de marzo de 1985, estendéndose o dereito arrendaticio segundo figura no documento contractual dende o mes de marzo de 1994.*

A efectos de pretender, que por aplicación do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 29/94 de arrendamentos Urbáns de 24 de novembro, en concreto o apartado B 4- 2, o arrendatario, é decir o Concello, tería dereito a unha duración máxima de dito contrato por un prazo máximo de cinco anos, e por elo, considera o solicitante, que dito contrato extinguiríase o 1 de xaneiro de 2000, solicitando a desocupación do local e posta a disposición do propietario arrendador.

Examinado o contrato de arrendamento de data 14 de maio de 1985, constatase o seguinte:

a) *Dado que o contrato foi concertado antes do 9 de maio de 1985, rexerese polas normas contidas do Texto Refundido da Lei de arrendamento Urbáns de 1964, salvo os aspectos recollidos na disposición transitoria cuarta, referente os contratos de arrendamento asimilados celebrados con anterioridade o 9 de maio de 1985, remitindo dita disposición, en canto a extinción e subrogación do contrato, o disposto na disposición transitoria terceira Lei 29/94, de “ Arrendamentos de local de negocio celebrados con anterioridade o 9 de maio de 1985”.*

b) *Dito contrato a entrada en vigor da actual Lei de Arrendamientos Urbanos, Lei 29/94, atopabase en situación de prorroga legal, quedando extinguidos conforme o disposto na disposición transitoria cuarta, da que o seu titulo é “Contratos de arrendamentos asimilados celebrados con anterioridade o 9 de maio de 1985” recolle a normativa que lle é de aplicación ós contratos celebrados pola Iglesia Católica e Institucións sin fin de lucro, como tamén, se refire ós contratos de arrendamentos celebrados polas administracións públicas, especificando en canto a estas últimas, que se entenderán equiparados, en canto a extinción, o tratamento otorgado, na disposición transitoria terceira, regra 2ª apartado 4º, os contratos de arrendamento de locais ós que lle corresponde un prazo de extinción de dez anos.*

A vista do anterior, ó contrato de arrendamento que nos ocupa, non lle é directamente de aplicación o disposto na disposición transitoria terceira da Lei 29/94, invocado polo arrendador, xa que logo, a normativa de aplicación é a recollida na disposición transitoria cuarta.

Os efectos de aplicación dunha ou outra disposición non serían os mesmos, toda vez que a normativa aplicable prevé un prazo de dez anos para extinción do contrato, e polo tanto dada a data de entrada en vigor da Lei 29/94, na que na disposición adicional segunda, recolle que a data de entrada de dita Lei será o 1 de xaneiro de 1995, o arrendador tería recoñecido o dereito de dar por extinguido o contrato o 1 de xaneiro de 2005.

Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

Recoñecer a D. Fernando Gonzalez Amadios, propietario do local situado no nº 9 da rúa Uruguay desta cidade o dereito a dar por extinguido o contrato, con efectos o 1 de xaneiro de 2005, procedendo, polo tanto o Concello, a desocupación do local, retirando toda clase de inmobles, útiles e enseres que non sean inherentes a obras de fábrica do propio local ou de elementos comúns, debendo requerirse o propietario, establecendose día e hora, a efectos de levantar a acta correspondente do estado en que se entrega o local.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(626).- CORRECCIÓN MATERIAL DUN ERRO NA CARTOGRAFÍA EXISTENTE NO PLANO DA PLANIMETRÍA DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 16959/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 11.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e polao concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

Polo Arquitecto municipal de Patrimonio emitiuse informe sobre a Rúa Manuel Alvarez R-2 que consta como público no Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo Plenario de data 04-05-93, e polo que constata a existencia dun erro de grafía que será preciso corrixir continuando o grafismo en unha lonxitude de 185 ml. e ata a propiedade nº 65, tal como especifica claramente a ficha de características.

Considerando que no presente caso atopámonos nun suposto de discordancia entre os datos que constan nas fichas de características técnicas referentes a dita rúa e a súa reflectación gráfica na planimetría que responde a un simple erro de rotulación, resulta de aplicación o previsto no Art. 105. 2 da Lei 30/92 da RXAP e PAC conforme as administracións públicas podrán rectificar en calquer momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a corrección material dun erro na cartografía existente no plano (folla 22-27) da planimetría do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, continuando o grafismo en una lonxitude de 185 ml. e ata a propiedade nº 65 tal como especifica a ficha de características da Rúa Manuel Alvarez R-2 dacordo co informe técnico emitido.

2º.- Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes, aprobando definitivamente a presente corrección de erros de non formularse alegación algunha.

3º.- Dar traslado do presente acordo o Pleno municipal na rectificación anual do Inventario Municipal e Bens e Dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20(627).- SOLICITUDE DE D. ALBERTO CARIDE GUISANDE PARA A DESCATALOGACIÓN DO TRAMO FINAL DO CÑO. BREA-MOLINERA EN LAVADORES. DESESTIMADA. EXPTE. 16889/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 11.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e polao concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

Vista a reclamación formulada por D. Alberto Caride Guisande, e tralos trámites pertinentes, procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.- Consonte o disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local. Dacordo con isto, a finca obxecto de reclamación, segundo resulta do informe técnico emitido figura no Inventario municipal como vía pública, inventario aprobado por acordo plenario de data 04-05-1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público ó que ven sendo destinado na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal da que forma parte.

SEGUNDO.- Que así mesmo, resulta afectada polo trazado do sistema viario do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, segundo informa o arquitecto municipal, concorrendo con isto o suposto feito contemplado no acordo plenario de data 30-11-1994, segundo o cal tódolos expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

TERCEIRO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración de cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no Lei 7/85 RBRL”

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Desestima-la solicitude formulada por D.Alberto Caride Guisande de descatalogación tramo final do camiño Brea-Molinera-Lavadores por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21(628).- BAIXA NO INVENTARIO DO CONCELLO DE VIGO O VEHÍCULO MUNICIPAL PO-4621-AD. EXPTE. 16958/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 6.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

O xefe do Parque Móbil informa da existencia de un vehículos municipais (PO-4621-AD) que dada a súa antigüidade (máis de 20 anos) e estado de deterioro están retirados do servizo e propón a súa enaxenación para chatarra.

O artigo 6-4º do Regulamento de Bens das Entidades Locais considera como efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables ós servizos públicos

ou o normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non foran ados de baixa no Inventario.

Por último a Comisión de Goberno celebrada o 17-03-2003 prorrogou ata o 30-05-2004 o contrato suscrito con Autodesguaces Vigo, S.L. para o alleamento de vehículos e outros materiais que se produza para chatarra por un prezo por Kg de 0,0488 euros.

A vista das anteriores consideraións, prponse a Xunta Local de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Dar de baixa no Inventario do Concello de Vigo o vehículo PO-4621-AD xa que pola súa antigüidade resultan inaplicables ós servicos públicos e autoriza-la súa enaxenación para chatarra a favor de Autodesguaces Vigo S.L. a razón de 0,0488 euros Kg.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22(629).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA ADXUDICADO Á ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO. EXPTE. 1033/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 3.05.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, polo xefe de Negociado do Servizo de Contratación e pola interventora xeral, que di os seguinte:

A Asociación de Mulleres Progresistas ten adxudicado o contrato de xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI) con data 1 de xuño de 2001. O importe inicial do contrato foi de 19.000.000 pesetas (114.192,30 euros) e un prezo por hora de servizo de 2.300 pesetas (13,82 euros).

Segundo establece a cláusula sexta do prego de condicións técnicas aprobadas pola Comisión de Goberno de data 30 de decembro de 2000 que rexe o contrato: “o contrato terá unha vixencia de dous anos, prorrogable anualmente mediante acordo expreso do órgano de contratación, ata un máximo de catro, se ningunha das partes o denuncia cunha antelación de un mes”.

A prórroga de que rexe o actual contrato finaliza o 31 de maio de 2004; para facer fronte ao gasto do servizo neste período existe no expediente un AD con número 2140 por importe de 51.259,16 euros.

A xestión do servizo durante estes últimos anos por parte da empresa concesionaria “Asociación de Mulleres Progresistas” é considerada positiva por parte desta unidade xestora, polo que se valora procedente continuar coa mesma xestora ata finalizar o período máximo de contrato que é en maio de 2005; cómpre pois proponer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o período: 1 de xuño de 2004 ao 31 de maio de 2005.

Realizada a revisión do IPC no período de 1 de xuño de 2002 ao 31 de maio de de 2003 segundo a cláusula 3ª de prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato o prezo actual do contrato é de 123.021,99.- euros/ano.(10.251,83.- euros/mes). Unha vez se publique o IPC de xuño de 2003 a maio de 2004 procederase á revisión de prezos que estará vixente para o periodo de prestación do servicio : xuño de 2004 a maio de 2005.

Para o período que resta para finalizar o presente ano o prezo do contrato será: 10251,83 euros x 7 meses = 71762,81 euros.

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo, empresa adxudicataria do servicio presta a súa conformidade á proposta de prórroga por un ano máis o contrato, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

1º.- “Aprobar unha prórroga de un ano de contrato do Servicio de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abranguería dende o 1 de xuño de 2004 ao 31 de maio de 2005, ambos incluídos coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo, CIF g-36.657.336, empresa adxudicataria do servicio de acordo coa cláusula sexta do prego de cláusulas técnicas aprobadas pola Comisión de Goberno de data 30 de decembro de 2000, que rexen o contrato.

2º.- Aprobar o gasto de 71762,81 euros con cargo a partida presupostaria 463.2.227.06.02 do presuposto en vigor, para facer fronte os gastos que orixina a adxudicación do contrato do servicio no período da prórroga de contrato correspondente ós meses de xuño a decembro de 2004.”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23(630).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO Á EMPRESA INSTALACIONES Y MONTAJES ELÉCTRICOS Y SANEAMIENTO S.A. EXPTE. 11977/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación do 23.03.04, o informe do xefe de Contabilidade do 25.03.04, o informe do enxeñeiro Industrial Municipal, do 28.04.04, e de acordo coa porposta do devandito xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleirod e Servizos Electro-mecánicos e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-07-2004 ó 30-06-2005 do contrato de mantemento e conservación o alumeado público do Concello de Vigo adxudicado á empresa Instalaciones y Montajes Electricós y Saneamiento, S.A. (IMES) por acordo da Comisión de Goberno de 07-06-1999.

2º.- Se non se aprobasen os presupostos do Concello para o ano 2004, tramitaríase unha modificación presupostaria coa cantidade necesaria para darlle cobertura á prórroga do contrato.

24(635).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servicios e obras foron recibidas, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

a) A Extraco S.A.:

- Fianza por importe de 8.255,12 € constituída para responder das obras de rehabilitación da antiga estación de Tranvías de Coruxo. Expte. 190/241
- Fianza por importe de 2.991,65 € constituída para responder das obras de renovación de beirarrúas na Vía Norte. Expte. 41102/250.
- Fianza por importe de 10.957,98 € constituída para responder das obras de reparación xeral de beirarrúas, recibidas mediante acta de 31.05.00. Expte. 41101/250.
- Fianza por importe de 4.803,29 € constituída para responder das obras da 1ª fase da consolidación estrutural da Igrexa de Bembrive. Expte. 191/241.

b) A GOC a fianza por importe de 1.199,22 € constituída para responder da construción de nova ponte sobre o río Lagares, na baixada de Pontillón-Freixeiro. Expte. 40636/250.

c) A Viveros Nilo S.L.:

- Fianza de 305,63 € constituída para responder da subministración de materiais dentro do convenio Xunta-Concello, recibidos mediante acta de 29.12.01. Expte. 154/241.
- Fianza de 980,13 € constituída para responder da subministración de materiais para ordenación do Cuartel de Barreiro, recibidos mediante acta de 29.12.01. Expte. 155/241.

d) A Ecovigo Publicidad S.L. as fianzas por importe de 35.791,19 € e 5.215,44 € constituídas para responder da publicidade da Concellería de Cultural. Expte. 92/241.

e) A Agroman Empresa Constructora S.A. a fianza por importe de 5.492,20 constituída para responder das obras do Proxecto complementario da rehabilitación da Casa de Arines, recibidas mediante acta de 25.09.98. EXPTE. 169/241.

f) A Securitas Seguridad España S.A.:

- Fianza por importe de 5.685,57 € constituída para responder da vixiancia na Casa das Artes e outras dependencias. Expte. 52/241.

- Fianza por importe de 10.437, 51 € constituída para responder da vixiancia de dependencias culturais. Expte. 51/241.

g) A Novacom Multimedia S.L. a fianza por importe de 1.249,63 € constituída para responder da subministración de equipos informáticos, recibidos mediante acta de 26.03.03. Expte. 171/241.

25(636).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 3.05.04 DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL DE ANULACIÓN DA REDUCCIÓN DE XORNADA POR FILLO MENOR DE 6 ANOS A D^a M^a CARMEN SOTO FERNÁNDEZ. EXPTE. 15040/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Persoal do 3.05.04, adoptada de conformidade co informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 28 de abril pasado, Dona M^a Carmen Soto Fernández, con posto de Auxiliar de Administración Xeral , adscrita ó Departamento de Administración de Tributos, solicita que se lle anule dende o día 1 de xuño de 2004 a redución de xornada por garda legal dun menor de 6 anos que tiña autorizada por Resolución de 2 de outubro de 2003 e con efectos ata 29 de xuño de 2006, en que o menor cumprirá os 6 anos.

Como queira que somentes resulta precisa a demostración da posesión de determinados requisitos para poder beneficiarse da redución de xornada cando ésta se solicita, dende esta Unidade de Persoal considerase que non hai inconvincente algún para que a funcionaria interesada volva á xornada normal de traballo a partires da data solicitada.

Ademáis, como queira que a redución de xornada estaba autorizada ata o 29 de xuño de 2006, o adianto da terminación da citada situación so pode representar un beneficio para o Servizo no que a funcionaria presta os seus servizos.

Por isto, o funcionario que suscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte

RESOLUCIÓN:

“Autoriza-la anulación da redución de xornada por razón de garda legal dun menor de 6 anos solicitada por Dona M^a Carmen Soto Fernández, número de persoal 23484, con posto de Auxiliar de Administración Xeral, adscrita ó Servizo de Administración de Tributos a partires do día 1 de xuño de 2004”

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente Resolución pase á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e comuníquese á interesada, Xefatura do Servicio, Intervención Municipal e Unidade de Persoal para os efectos oportunos.”

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

26(637).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 3.05.06 DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL DE AUTORIZACIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA POR FILLO MENOR DE 9 MESES A D^a. LUZDIVINA ABALDE POSADA. EXPTE. 14993/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 7 de abril pasado, Dona Luzdivina Abalde Posada, solicita que se lle conceda redución de xornada a partir do 7 de abril, por ter un fillo menor de nove meses de idade.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 11, apartado a) do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo establece este tipo de redución de xornada, que poderán facer uso deste dereito o pai ou a nai alternativamente.

Segundo.- Pola súa banda, o Concelleiro Delegado de Medioambiente informa favorablemente a presente redución de xornada.

Por isto, o funcionario que subscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte Resolución:

“Autorizar a Dona Luzdivina Abalde Posada, Auxiliar de Administración Xeral, con número de persoal 21663, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 7 de abril de 2004 e ata o 27 de agosto de 2004, ambos inclusive.”

Na mesma data o concelleiro delegado de Persoal adopta a seguinte resolución:

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente resolución pase á Xunta de Goberno Local, e notifíquese ó interesado, Xefatura do Servicio e Unidade de Persoal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

27(638).- SOLICITUDE DE INCENTIVO POR XUBILACIÓN ANTICIPADA DE D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ MACÍAS. DESESTIMADA. EXPTE. 15038/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 28.04.04, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro xeral de 27 de abril de 2004, D. JOSE LUIS RODRIGUEZ MACIAS, funcionario municipal do servizo de extinción de incendios e salvamento declarado en situación de xubilación forzosa previa resolución de incapacidade permantente total concedida polo INSS, solicita un incentivo á xubilación con pretendido fundamento no artigo 33 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998.

Informe.

Para que os incentivos á xubilación anticipada regulados no artigo 33 do vixente Acordo regulador poidan ser obxecto de aboamento resulta preciso, tal e coma expresamente dispón o referido precepto, que a xubilación do funcionario teña carácter voluntario e que ésta se produza entre os sesenta e os sesenta e catro anos. Asímesmo, no caso de que fose unha xubilación anticipada de conformidade co previsto no Real decreto 480/1993, do 2 de abril, só poderán ser beneficiarios de dita xubilación os funcionarios cunha idade de 60 anos, que ostentasen a condición de mutualistas da Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1967, feito que non se produce neste caso.

A solicitude presentada non resposta pois ó estipulado no Acordo regulador, toda vez que a xubilación do peticionante non tivo carácter voluntario senón forzoso, orixinándose ademais antes da idade mínima de xubilación esixida na referida norma, polo que procede a súa desestimación.

Proposta :

Desestima-la solicitude presentada por D. José Luis Rodríguez Macías, de data 27 de abril de 2004, interesando un anticipo á xubilación, ó carecer de amparo dita petición, no artigo 33 do Acordo Regualdor vixente, segundo os fundamentos que preceden esta resolución .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28(639).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 30.04.04 DO CONCELLEIRO DE ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL QUE AUTORIZA UN PERMISO NON RETRIBUÍDO DE 15 DÍAS A D^a M^a JESÚS MAGDALENA VILA. EXPTE. 15031

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, do 27.04.04, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 21 de abril de 2004, n^o de documento 40039712, D^a M^a Jesús Magdalena Vila, n^o persoal 13161, técnica de administración especial, adscrita ó posto de Dirección de ingresos, solicita un permiso de 15 días sen soldo por enfermidade familiar a partir do próximo 12 de xullo.

En relación con dita solicitude emítase o seguinte informe:

- 1º.- *O solicitante leva prestando servicios neste Concello de Vigo como funcionaria de carreira en propiedade dende 15 de abril de 1983.*
- 2º.- *Que o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servio do Concello de Vigo, no seu art. 17.a) contempla o dereito dos empregados municipais a un permiso non retribuído de tres meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días.*
- 3º.- *A interesada non disfrutou de ningún permiso deste tipo no período dos dez últimos anos.*
- 4º.- *Así mesmo, dito acordo contempla que poderá concederse sempre que as necesidades do servio o permitan, contando a solicitude coa conformidade do concelleiro da Area de Xestión Municipal.*

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón ó Sr. concelleiro da área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a. M^a Jesús Magdalena Vila (núm. persoal 13161 e NIF 36.025.359), técnica de administración especial, adscrita ó posto de Dirección de Ingresos, un permiso non retribuído de quince días, que comezará o 12 de xullo de 2004, de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servio do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Con data 30.04.04 o concelleiro delegado de Persoal adopta a seguinte resolución:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

Da presente resolución dese conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

29(640).- SOLICITUDE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DE D. JOSÉ RICARDO RODRÍGUEZ CASARES. ESTIMADA. EXPTE. 15049/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, do 6.04.04, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 28 de abril de 2004, nº de documento 40042473, D. José Ricardo Rodríguez Casares, funcionario de carreira deste Concello, con praza de Inspector Auxiliar de Sanidade e posto da mesma denominación, solicita unha excedencia voluntaria, por interese particular, con efectos do 1 de setembro de 2004.

De conformidade co disposto no artigo 16 do R.d 365/95, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración civil do Estado, de aplicación supletoria ós funcionarios da Administración local, en concordancia co disposto nos artigos 29.3.c) da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, 55.1.2 da Lei da función pública de Galicia a Administración poderá conceder excedencia voluntaria ós funcionarios cando o soliciten por interese particular, cando prestaran servizos efectivos en calquera das Administracións públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores, suposto que se produce neste caso, e nela non se poderá permanecer menos de dous anos continuados cun máximo de quince.

Considerando as competencias resolutorias atribuídas a Xunta de Goberno local no artigo 127 da lei 7/85, de bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno local, sométese a súa consideración a seguinte proposta de resolución :

“Declarar a D. José Ricardo Rodríguez Casares, NIF 35.979.308-V, funcionario de carreira con praza de inspector auxiliar de sanidade e posto da mesma denominación, en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos económicos e administrativos do día 1 de setembro do 2004, de conformidade co informe que antecede.

O tempo de permanencia nesta situación non devengará dereitos retributivos ningún, nin computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

O funcionario deberá permanecer nesta situación por un período mínimo de dous anos continuados, non comportando a declaración desta situación reserva de praza e posto de traballo, e o reingreso ó servizo activo efectuarase mediante participación do funcionario nas convocatorias de concursos ou de libre designación para a provisión de postos ou mediante adscripción provisoria a un posto vacante e con dotación orzamentaria”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30(641).- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 4.05.04 SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15058/220.

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 4.05.04 que di o seguinte:

A instrución cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o ano 2003, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do servizo de Extinción de Incendios, como compensación das horas en exceso realizadas durante o ano, e sen prexuízo da parte que se lle incluiu no complemento específico, percibirá as seguintes cantidades mensuais:

Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....	242.33 €
Cabo.....	256.61 €
Sarxento Xefe de Turno.....	292.90 €

Sarxento Xefe de Parque.....	316.18 €
Suboficial.....	321.79 €

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2003, o incremento 2% do IPC.

Con data 4 de maio de 2004, o Servicio de Extinción de Incendios, remite relacións do persoal do servicio de Extinción Incendios e Salvamento sobre o abono de gratificacións por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de ABRIL e atrasos do mes de marzo do presente ano por exceso de xornada, que comeza por Abalde Fernández, Carlos e remata por Domínguez López, Guillermo.

Por isto, e no exercicio das competencias delegadas pola Xunta Local de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2004,

R E S O L V O :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de ABRIL e atrasos do mes de marzo de 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don Guillermo Domínguez López, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 30.871’42 €, (TRINTA MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS)”.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

31(642).- RETRIBUCIÓN DA DISPONIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL DO MES DE MARZO DE 2004. EXPTE. 15054/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do técnico de Intervención Xeral do 12.05.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 6.05.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal da Policía local que se relaciona nos listados nominais da Xefatura da Policía local de datas 6 de abril de 2004, incorporados ó expediente, os importes de produtividade propostos por dita Xefatura correspondentes a aplicación do Programa de dispoñibilidade horaria durante o mes de marzo de 2004, e que ascenden a un total de 66.249,84. euros por días de reforzo e 123,17 euros por prolongacións de xornada, tamén acollidas estas últimas ó réxime retributivo deste Programa.

32(643).- RETRIBUCIÓN DA DISPONIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL DO MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 15056/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do técnico de Intervención Xeral do 12.05.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 6.05.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal da Policía local que se relaciona nos listados nominais da Xefatura da Policía local de datas 5 e 6 de maio de 2004, incorporados ó expediente, os importes de produtividade propostos por dita Xefatura correspondentes a aplicación do Programa de disponibilidad horaria durante o mes de abril de 2004, e que ascenden a un total de 98.204,97 euros por días de reforzo e 221,60 euros por prolongacións de xornada, tamén acollidas estas últimas ó réxime retributivo deste Programa.

33(644).- SOLICITUDE DE PRODUCTIVIDADE DE D. MODESTO VIVERO MIJARES ADSCRITO Á CASA GALEGA DA CULTURA. DESESTIMADA. EXPTE. 15069/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.05.04, que di o seguinte:

A medio de instancia presentada no Rexistro xeral con data 12 de maio de 2004, o empregado laboral municipal Sr. D. MODESTO VIVERO MIJARES con praza de operarió – peon e posto de operario de biblioteca, adscrito á Casa galega da Cultura, solicita o abonamento dunha produtividade en compensación á suposta realización de funcións de superior nivel que desempeña.

Informe:

De conformidade co disposto no artigo 20 do Convenio laboral vixente, aprobado por acordo plenario de 28 de decembro de 1998, a estrutura das retribucións do persoal laboral queda equiparada ó réxime retributivo do persoal funcionario.

Consecuentemente, o Complemento de produtividade, de conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario (enténdase tamén empregado laboral) por este concepto, serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de goberno local a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno , sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Consecuentemente, o marco regulamentario que regula o outorgamento deste tipo de complementos retributivos, para os empregados laborais, ven establecido polo propio Convenio laboral, pola normativa retributiva dos funcionarios públicos á que se remite expresamente dito Convenio e subsidiariamente polas propias instrucións de plantilla vixentes, aprobadas por acordo do pleno do Concello en sesión de 14 de xaneiro de 2003 (BOP de 11 de xullo de 2003), nas que se recollen tódos supostos que poden devengar este tipo de complementos retributivos.

Dito isto, a solicitude presentada non se axusta as normas salariais que regulan, no ámbito deste Concello, a concesión deste complemento retributivo, e que así foron obxecto da debida negociación colectiva.

Por todo o exposto, sométese a consideración da Xunta de goberno local a seguinte proposta:

“ Desestima-la solicitude presentada por D. Modesto Vivero Mijares de data 12 de maio de 2004, pola que solicita o aboamento dunha produtividade en compensación á suposta realización de cometidos de superior categoría, en atención ó informe precedente que se transcribe como parte integrante deste acordo “

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

34(645).- BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE LABORATORIO. EXPTE. 15052/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral do 13.05.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 29.04.04, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Autoriza-la contratación en prácticas de dous/as auxiliares de laboratorio de acordo coas seguintes bases:

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A contratación en réxime laboral temporal, en prácticas, por un período dun ano prorrogable por outro máis a dous auxiliares de laboratorio.

II. CONDICIONS DOS ASPIRANTES

- a) *Ser español ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade á data de finalización do prazo de presentación de instancias.*
- c) *Estar en posesión das seguintes titulacións: Formación Profesional: Sanidade: Ciclo formativo de grao superior de dietética e saúde ambiental ou Química: Ciclo formativo de grao medio laboratorio ou de grao superior de análise e control ou química ambiental, e ter rematado os seus estudos nos catro anos inmediatamente anteriores á data en que teñan lugar as contratacións. A estes efectos o cumprimento do servicio militar ou da prestación social substitutoria interromperá o cómputo do citado prazo; así mesmo, no caso de emigrantes titulados no extranxeiro o cómputo efectuarase desde a data de convalidación dos seus estudos en España. Estes extremos acreditaranse con certificación ó efecto.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.*
- e) *Non estar separado mediante expediente disciplinario do servicio do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- g) *Non ter traballado en prácticas ou habelo feito durante dous anos; neste caso o período máximo de prácticas extenderase ó tempo que lle falte para cumprir dito período.*
- h) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 15,40 euros, segundo as vixentes ordenanzas fiscais.*

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e), f) e g) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado h) achegando á instancia a carta de pagamento.

III. SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición.

Para o concurso rexerá o seguinte baremo:

Titulacións ou certificados de estudio que teñan relación coas funcións do posto:

- *Ciclo formativo de grao superior nas especialidades solicitadas; un punto se son superiores e 0,50 puntos se son do mesmo nivel.*

Posteriormente á fase de concurso terá lugar a de oposición, que constará de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- *Consistirá en contestar no prazo máximo dunha hora, a un cuestionario de 20 preguntas con catro respostas alternativas como mínimo, nun prazo máximo dunha hora en relación cos temas que figuran como Anexo I.*

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará coa metade da puntuación outorgada a cada pregunta acertada.

Segundo exercicio.- Consistirá nunha proba de coñecemento do idioma galego, consistente en corrixi-los erros dun texto en galego que facilitará o tribunal nun prazo máximo de 15 minutos.

O primeiro exercicio será eliminatorio, e calificarase de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña 5 puntos.

O segundo exercicio será obrigatorio pero non eliminatorio, puntuandose como máximo con 2 puntos, se non se obtivese 1 punto como mínimo o aspirante deberá participar no primeiro curso de galego que organice a Corporación.

Serán contratados os aspirantes que obteñan a maior puntuación unha vez sumadas as do concurso, primeiro exercicio e segundo exercicio do concurso-oposición.

IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base II anterior.

V. PUBLICIDADE

O anuncio da convocatoria publicarase no BOP, e a lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase na prensa local. O resto dos anuncios no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e no de anuncios dos centros onde se realicen as probas.

Contra a exclusión da lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erro ou omisións no prazo de catro días hábiles.

VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro en que delegue.

Secretario: O secretario da Corporación ou funcionario integrado no grupo A de titulación, escala admón. xeral, designado polo Alcalde.

Vocais: O Director do Laboratorio Municipal, un técnico/a integrado no grupo de titulación ó que corresponda a praza designado polo Alcalde e un representante do Comité de Persoal.

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos suplentes.

Tódolos membros do tribunal agás o presidente deberán ter titulación igual ou superior á requirida para ser nomeado.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

A actuación do tribunal rexerese polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

ANEXO I

- Tema 1.- *Desinfección e esterilización: principios. Funcionamento de equipos. Seguridade. Procedementos.*
- Tema 2.- *Preparación da mostra para ensaios microbiolóxicos de alimentos: homoxeinización e dilucións. Preparacións microscópicas: fixación e tinción.*
- Tema 3.- *Medios de cultivo. Tipos e técnicas de preparación. Técnicas de sembra.*
- Tema 4.- *Incubación. Conceptos e parámetros fundamentais.*
- Tema 5.- *Disolucións. Formas de expresar e calcula-la concentración de disolucións. Procedementos de preparación de disolucións.*
- Tema 6.- *Reacción ácido-base. Reacción oxidación-reducción e reacción de precipitación. Aplicacións e medida do ph e potencial de reducción.*
- Tema 7.- *Conceptos xerais de análise volumétrico. Patrón primario. Indicadores. Volumetrías ácido-base. Volumetrías de precipitación. Volumetrías redox. Complexometrías.*
- Tema 8.- *Análise instrumental: medida de ph e conductividade en augas por métodos eléctricos.*
- Tema 9.- *Materiais habituais no laboratorio. Tipos, a súa manipulación e aplicacións. Técnicas e procedementos de limpeza de material.*
- Tema 10.- *Toma de mostras de augas e alimentos: equipo e material de mostreo. Procedementos de embalaxe, transporte, marcaxe e acondicionamento de mostras.*
- Tema 11.- *Prevenición de riscos ambientais no laboratorio: residuos de laboratorio.*
- Tema 12.- *Programa de garantía de calidade. O control de calidade. Procedementos normalizados de traballo.*

Segundo.- O contrato terá a duración dun ano, prorrogable por outro e o período de proba será dun mes.

Terceiro.- Durante o desenvolvemento do contrato, os seleccionados percibirán o 60 % das retribucións do posto, durante o primeiro ano e o 75 % durante o segundo do salario fixado para un traballador que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo.

35(646).- BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 15055/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral do 13.05.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 6.05.04, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura dun funcionario interino con cargo á praza vacante de Administrativo de Administración xeral, Escala Administración xeral, subescala administrativa , grupo C de titulación .

Segundo .- Dar aprobación as seguintes Bases que rexirán o proceso selectivo

I. *CONDICIONS DOS ASPIRANTES*

- a) *Ser español ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade.*
- c) *Estar en posesión do título de bacharelato superior ou F.P: 2 ou equivalente.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.*
- e) *Non estar separado mediante expediente disciplinario do servicio do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- g) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesoureria municipal do Concello da cantidade de 15,40 €.*

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e) e f) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado g) achegando á instancia a carta de pagamento.

II. *SISTEMA DE SELECCION*

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- *EXERCICIOS DA OPOSICION*

Primeiro exercicio.- *De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.*

Consistirá en desenvolver por escrito cinco temas elixidos ó chou do temario anexo, nun prazo máximo de tres horas : O primeiro tema de desenvolvemento corresponderáse coa primeira parte do temario, outros dous coa parte segunda e os dous últimos coa parte terceira .

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de cinco puntos neste exercicio .

Segundo exercicio : *Tamén de carácter obrigatorio e eliminatorio para tódos os aspirantes : consistirá nunha proba de coñecementos a nivel de usuario de entornos operativos windows ou similares, manexo de*

ferramentas de informática (ms office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos entornos (navegación, correo electrónico, etc,) no tempo que estableza o Tribunal.

Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de cinco puntos neste exercicio .

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico relacionado co temario anexo, no tempo de realización que así acorde o Tribunal . Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade nesta proba un mínimo de cinco puntos

Cuarto exercicio.- Tamén obrigatorio, aínda que non eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento de idioma galego, consistente na corrección de expresións e palabras escritas incorrectamente nunha serie de frases para un galego correcto e normativizado, nun prazo máximo de 15 minutos. Avaliarase ata un máximo de dous puntos

O Tribunal poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Será nomeado/a con carácter interino o/a aspirante que obteña a maior puntuación unha vez sumadas as de tódolos exercicios da oposición.

IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A instancia deberá achegarse á documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V. PUBLICIDADE

O anuncio desta convocatoria publicarase no BOP. A lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase no Taboeiro de edictos da Casa Consistorial e no de anuncios dos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio consistorial.

Contra a exclusión da lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erro ou omisións no prazo de catro días hábiles.

VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro en que delegue.

Secretario: O secretario da Corporación ou funcionario integrado no grupo A de titulación, escala admón. xeral, designado polo Alcalde.

Vocais: O Xefe de réxime interior ou funcionario/a en quen delegue, un administrativo de administración xeral designado polo Alcalde e outro en representación do Comité de Persoal.

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos suplentes.

Tódolos membros do tribunal agás o presidente deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

A actuación do tribunal rexeráse polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

VII. NOMEAMENTO.

O nomeamento do/a candidato/a proposto/a será revogado cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido por funcionarios de carreira , ou no caso de amortización da mesma.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes ó posto de traballo de administrativo do vixente cadro de persoal.

Os/as candidatos/as que superen tódalas probas de que consta esta oposición, e que non poidan ser nomeados para desempeña-la praza ofertada interinamente, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser eventualmente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades coxunturais.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego, ou no seu defecto ata que se produza nova convocatoria de interinaxes.

ANEXO T E M A R I O

.Primeira parte: Dereito político e constitucional.

- Tema 1.- O Estado. Concepto. Elementos. Formas de Estado.*
- Tema 2.- A Constitución española de 1978. Principios xerais.*
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido.*
- Tema 4.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.*
- Tema 5.- O Goberno e a Administración do Estado.*
- Tema 6.- O Estatuto de Autonomía de Galicia : principios xerais e contido.*

Segunda parte: Dereito Administrativo.

- Tema 1.- A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas.*

- Tema 2.- *A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.*
- Tema 3.- *Principios de actuación da Administración pública. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
- Tema 4.- *Sometemento da Administración á lei e ó dereito. Fontes do dereito público. A lei: as súas clases.*
- Tema 5.- *O acto administrativo. Concepto. Elementos.*
- Tema 6.- *Principios xerais do procedemento administrativo. Normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días e horas hábiles: cómputo de prazos. Recepción e rexistro de documentos.*
- Tema 7.- *Fases do procedemento administrativo xeral. O silencio administrativo.*
- Tema 8.- *A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio.*
- Tema 9.- *Os recursos administrativos: concepto e clases.*
- Tema 10.- *Concepto e clases de contratos administrativos. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e a Administración.*

Terceira parte: Administración local.

- Tema 1.- *O réxime local español: principios constitucionais.*
- Tema 2.- *A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.*
- Tema 3.- *Estructuras supramunicipais. Mancomunidades. Agrupacións. A comarca.*
- Tema 4.- *O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadronamento.*
- Tema 5.- *Organización municipal.*
- Tema 6.- *Competencias municipais.*
- Tema 7.- *Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.*
- Tema 8.- *A función pública local e a súa organización.*
- Tema 9.- *Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Incompatibilidades.*
- Tema 10.- *Faltas e sancións dos funcionarios. O procedemento sancionador.*
- Tema 11.- *Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacóns e notificacións.*
- Tema 12.- *Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Requisitos de constitución. Votacións. Actas e certificados de acordos.*
- Tema 13.- *Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.*

36(647).- CESIÓN DE TERREOS PARA ENSANCHE E MELLORA DA RÚA MOLEDO. EXPTE. 38895/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 7.05.04, que di o seguinte:

1º.- *En data do 10 de setembro de 2003, D. Gonzalo Alvarez Guevara presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que pon en coñecemento desta Administración municipal o seu propósito de ceder ó Excmo.*

Concello de Vigo, a superficie da parcela da súa propiedade afectada polo ensanche da rúa Moledo, sempre que se recoñeza a superficie cedida a tódolos efectos urbanísticos

2º.- D. Gonzalo Alvarez Guevara acredita a titularidade da parcela obxecto de segregación mediante a presentación de copia de escritura pública de compraventa, de data 28 de novembro de 1986, autorizada polo notario de Vigo, D. Jose A. Somoza Sanchez, co número 1185 do seu protocolo, na que se describe a referida parcela como segue:

“Terreo, a labradío, seco, denominado “LUGAR DE MOLEDO”, en la Parroquia de Sárdoma, de este Ayuntamiento de Vigo, que mide tres áreas quince centiáreas.- Linda Norte, vallado que divide levada de agua; Sur, camino de Moledo; Este, de Josefa Riveiro Román; y Oeste, bienes de Dolores Conde.”

3º.- O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 22 de marzo de 2004, informa que a superficie dos terreos de cesión é de 10,00 m².

4º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no núcleo 16.10 Moledo A, clasificada como solo urbano e cualificada coa ordenanza 1.3.B de vivenda familiar illada de media densidade.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerárase a efectos de parcela mínima. Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 10,00 m² de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

II.- Iguamente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería recoñecer tales dereitos ó cedente para o caso de que a execución do plan xeral esixese a delimitación dun polígono ou unidade reparcelable.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Gonzalo Alvarez Guevara da porción de parcela de 10,00 m² de superficie, que se identifica no expediente, a segregar da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche da rúa Moledo.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar esta superficie cedida a efectos de parcela mínima, en relación coa mesma parcela matriz.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

37(648).- RECEPCIÓN PARCIAL OBRAS COMPLEMENTARIAS PARA ACONDICIONAMENTO DA ÁREA CON APROVEITAMENTO PÚBLICO E RÚA PEONIL EN TORRECEDEIRA 109 E TOMÁS A. ALONSO 22. EXPTE. 38672/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 7.05.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado no asunto, resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

1) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 28 de xuño de 2.001 acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de obras complementarias para acondicionamento dunha área con aproveitamento público (API) e rúa peonil, sitos entre Tomás A.Alonso 22-24 e Torrecedeira 109-111, promovido pola entidade "Lanzamar S.A.", redactado polo equipo de arquitectos "Guillén, Mateos y Llopiz" e visado polo COAG en datas 18/04/2001, 25/05/2001 e 30/05/2001. (Expte. 39991/421).

Segundo.- A conservación das superficies ás que se refire este proxecto de obras correrá por conta dos propietarios das parcelas do mesmo. Esta condición farase constar expresamente nas licencias de edificación que se concedan no ámbito de referencia, e nas correspondentes escrituras públicas de cesión.

Terceiro.- Antes do inicio das obras e como condición suspensiva dos efectos do presente acordo, o interesado deberá presentar un aval polo 100% do orzamento das obras, que ascende a 12.079.414 ptas., como garantía da súa execución.

Cuarto.- No momento inmediatamente anterior ó do inicio das obras efectuarase un "replanteo" das mesmas en coordinación cos técnicos do departamento de Vías e Obras do Concello. Tamén debe comunicarse o inicio e finalización das obras ó departamento municipal de Servicios Electromecánicos, para a comprobación da rede de iluminación pública.

Quinto.- A execución das obras deberá axustarse ó disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e no Decreto 23/2000 do 28 de xaneiro, que a executa.

Sexto.- Notifica-lo presente acordo ás entidades mercantís "LANZAMAR, S.A.", "EXTRACO, S.A." e demais interesados polo mesmo, na forma legalmente prevista."

2) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión celebrada o 12 de xullo de 2.001 acordou:

"Autorizar a D. Rafael Duro Morales en representación de "LANZAMAR, S.A." para construír,(...) un edificio nas rúas Tomás Alonso nº 22-24 e Torrecedeira nº 106, cualificado no PXOU como solo urbano, ordenanza 1.1.B, composto de dous bloques con dous sotos mancomunados para garaxe-aparcamento, bloque 1 con fachada á rúa Torrecedeira composto de semisoto e baixo para uso comercial, cinco plantas e aproveitamento baixo cuberta para 28 vivendas; bloque 2 con fronte á rúa Tomás Alonso composto de baixo por API para uso comercial, semisoto por Tomás Alonso para uso de garaxe e vivendas e instalacións, baixo por Tomás Alonso para uso comercial e vivendas, catro plantas e aproveitamento baixo cuberta para un total no bloque de 39 vivendas, cun total de 67 vivendas e cunha superficie total construída de 12.736,81 m².

Deberá de ceder ó Concello 164,53 m² de terreo para zona verde e libre (ordenanza 3.1.B) e 421,95 de uso de superficie con destino a aproveitamento público interior (API) de conformidade co PXOU e o proxecto de obras complementarias de urbanización, para o que deberá de outorgar escritura pública, á que achegará un plano de deslinde e outro de situación, e inscribirla no Rexistro da Propiedade no prazo máximo de tres meses que comezarán a contar dende o recibo da notificación deste acordo. A conservación do uso de superficie que se cede, sobre e baixo rasante, será de conta do promotor, propietarios e copropietarios dos locais e vivendas do edificio, sen prexuízo da potestade municipal de vixilancia, comprobación e execución de obras que o Concello considere conveniente, farán constar tódalas condicións na escritura de cesión e no Rexistro da Propiedade por nota marxinal no asento da finca matriz da que se segrega a que é obxecto de cesión, e na escritura de obra nova e división de propiedade horizontal.

A urbanización do terreo destinado a zona verde e libre, rúa peonil e o uso de superficie con destino a aproveitamento público interior (API) deberá de ser urbanizado simultaneamente coa construción do edificio e axustándose ás determinacións que constan no proxecto de obras complementarias de urbanización aprobado polo Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión de 28-6-01. Deberán de estas obras de urbanización concluídas e recibidas polo Concello antes da concesión da licenza de primeira ocupación ó edificio, tendo constituído a sociedade solicitante aval por importe de 12.079.414 pesetas como garantía dunha execución conforme ó apartado terceiro do dito acordo do Consello.(...)"

3) Por escritura pública de data de 20/12/2001 outorgada ante o Notario don Miguel Lucas Sánchez, co número 1770 do seu protocolo, don RAFAEL OURO MORALES, en nome e representación de LANZAMAR, S.A., cede gratuitamente ó Concello de Vigo, en pleno dominio e libre de cargas:

"A) la superficie de 164,53 m² de la finca descrita en la exposición de esta escritura) para zona verde y libre (Ordenanza 3.1.B)

B) y 421,95 m² (de la finca descrita en la exposición de esta escritura) de uso de superficie con destino a aprovechamiento público interior (API). La conservación del uso de la superficie objeto de cesión, sobre y bajo rasante, serán por cuenta de la Promotora, propietarios y copropietarios de los locales y viviendas del edificio, sin perjuicio de la potestad municipal de vigilancia."

Con data de 30 de abril de 2.002 outorgouse escritura de subsanación ante o mesmo notario con número 727 do seu protocolo. De ámbalas dúas escrituras obra fotocopia simple no expediente.

4) Con rexistro de entrada de data de 12 de agosto de 2.003 e número de documento 30070059, don RAFAEL OURO MORALES, en representación de LANZAMAR, S.A., solicitou a recepción parcial de acceso provisional a aproveitamento público, respecto das obras complementarias para acondicionamento de área con aproveitamento público e rúa peonil na rúa Torrecedeira 109 c/v Tomás Alonso 22.

5) Con data de 26 de marzo de 2.004 o Enxeñeiro Xefe do servicio de vías e obras informa que:

"Con data 12/08/2003 don Rafaiel Ouro Morales, en nome e representación da empresa promotora LANZAMAR S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción das obras contempladas no "Proyecto de obras Complementarias para acondicionamiento público e rúa peatonal na rúa Conde de Torrecedeira, 109 e Tomás A. Alonso, 22", aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión celebrada o día 28/06/2001.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano da recepción parcial, incluíndo as modificacións autorizadas ao proxecto orixinal nos terreos obxecto da presente recepción.
- Plano de zonas obxecto de mantemento por parte da Entidade Colaboradora de conservación, que coinciden co plano de recepción parcial.
- Acta de recepción das obras por parte da empresa promotora das obras conformada pola propia empresa promotora, a empresa constructora e a dirección facultativa das obras.
- Certificación do Técnico Director das obras no sentido de que as obras se axustan ao proxecto de urbanización aprobado cos matriais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.
- Estatutos da entidade colaboradora de conservación do ámbito que se sinala no plano de zonas obxecto de mantemento por parte de dita entidade.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, sinalado no plano de recepción parcial, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servicios de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e aos servicios técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servicios de abastecemento e saneamento de auga, cos seguintes resultados:

En data 26/03/2004 o enxeñeiro técnico de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras se axustan sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e ás modificacións autorizadas sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados.

Con data 29/10/2003 o Servico de Montes, Parques e Xardíns informa que non existe ningún tipo de plantación na zona obxecto de recepción parcial.

Con data 03/12/2003 o Servico de Electromecánicos informa que non existe inconveniente en acceder á solicitude da recepción parcial solicitada.

Con data 05/12/2003 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia informa que as instalacións de abastecemento, inicialmente ubicadas na zona obxecto desta primeira recepción parcial, foron trasladadas aos terreos das zonas de urbanización que aínda non se reciben, según se indica no plano das modificacións autorizadas.

Poderanse outorgar aquelas licencias de primeira ocupación que se soliciten, restrinxíndoas ao ámbito da urbanización que agora se recibe.

Aquelas zonas da Urbanización que non foran obxecto de recepción, illaranse con elementos fixos para garanti-la seguridade dos usuarios das zonas a entregar ó uso público.

O mantemento e custo da enerxía da zona que se entrega, será por conta da empresa promotora, en tanto en canto non sexan recibidas definitivamente as obras.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte

PROPOSTA:

1. Aproba-la recepción parcial das obras complementarias para acondicionamento público e rúa peatonal sita na rúa conde de Torrecedeira, 109 e Tomás A. Alonso, 22:

- a) Ámbito delimitado no plano denominado, Plano de Recepción Parcial, o cal se achega.*
- b) A conservación e custo da enerxía, ata o momento da recepción definitiva, será por conta da Xunta de Compensación.*
- c) Previa á recepción parcial da totalidade das obras de urbanización, no caso de que o proceso das obras que restan por executarse produxisen deterioros na mesma, a empresa promotora deberá restituí-la zona agora recibida ao seu estado actual.*
- d) As zonas pendentes de recepción, illaranse mediante valado suxeito con elementos fixos para garanti-la seguridade dos usuarios jde zonas que agora se entregan ao uso público.*
- e) O outorgamento de licencias de primeira ocupación quedará restrinxido ao ámbito da urbanización obxecto da presente recepción.*

2. Dar traslado deste acordo aos seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."

6) Con data de 6 de abril de 2.004, o Enxeñeiro técnico de obras públicas informou que "las obras se ajustan a las contenidas en el documento Proyecto de Obras Complementarias para acondicionamiento de área con aprovechamiento público y calle peatonal entre C/ Tomás A. Alonso y Torrecedeira, tramitado conjuntamente a la licencia 39992/421, y aprobado por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo, en fecha 28/06/01". Con data de 6 de maio informa, asemade, que "Dentro del ámbito del API que nos ocupa, el porcentaje de ocupación del subsuelo inherente a la licencia de LANZAMAR es del 60%, correspondiendo el 40% restante a la licencia de EXTRACO".

A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de

Urbanismo procede a recepción parcial das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado que a Admnsitración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

III. En canto á recepción parcial das obras de urbanización, esta procede á vista dos informes obrantes no expediente e en aplicación dos artigos 147.5 do TRLCAP, segundo o cal poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato.

IV. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

V. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do RC durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

VI. Tal e como se recollía no acordo do Consello Municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data de 28 de xuño de 2.001, correspóndelle ó promotor e propietarios das vivendas ou locais dos inmobles o deber de conservación das obras de urbanización en proporción á superficie que teñan ocupada no subsolo. Asemade, con respecto as cesións de dereito de superficie, o acordo da Comisión de Goberno do Concello de 7 de febreiro de 1.991.

Asemade, artigos 25, 26 e 27 do Regulamento de xestión urbanística (Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, en relación co apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU 1993, en canto a conservación das zonas verdes e libres que non teñan a consideración de sistemas xerais.

VII. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En consecuencia proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co informe-proposta precedente, acorda:

Primeiro: Aprobar a recepción parcial das obras de urbanización realizadas en execución do proxecto de obras complementarias para acondicionamento dunha área con aproveitamento público (API) e rúa peonil, sitios entre Tomás A.Alonso 22-24 e Torrecedeira 109-111, á que se refiren os informes do Sr. Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de 26/03/2004 e do Enxeñeiro Técnico de Obras públicas de 6/04/04, transcritos na parte expositiva.

Segundo: A conservación da superficies á que se refire a presente recepción correrá por conta dos propietarios, de acordo co fundamento xurídico VI.

Terceiro: Recordar ó departamento municipal de Licencias de obras que recolla nos acordos que se adopten sobre licencias de obra, primeira ocupación e utilización a obriga de conservación, nos termos expostos.

Cuarto: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Quinto: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

38(649).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE BASES E ESTATUTOS DA U.E. II DO PERI IV-05 ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE. 4385/401.

Examinadas as actuacións do expediente deixase pendente dunha reunión do concelleiro de Urbanismo cos veciños afectados.

39(650).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA SOBRE OCUPACIÓN DE PORCIÓN DE PARCELA PRIMITIVA Nº 18 B DO POLÍGONO 1 DO PP DE SAMIL PARA A EXECUCIÓN DO VIAL INTERIOR DE ACCESO ÁS PARCELAS RESULTANTES Nº 24, 25 E 15. EXPTE. 4468/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servicio de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 10.05.04, que di o seguinte:

1º.- O Concello-Pleno, en data do 27 de xullo de 1994, aprobou definitivamente o proxecto de compensación do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase primeira e, con data do 18 de xullo de 1995, o proxecto de urbanización do mesmo polígono, que foi rectificadado por acordo plenario do 5 de xullo de 1996, a virtude do cal, estimando parcialmente a solicitude formulada por D. José Mario Villaverde Martínez (doc. 582096), en relación co devandito proxecto de urbanización, corríxíronse as determinacións deste relativas ás parcelas números 25, 24 e 15 e camiño de acceso a esta, segundo se reflicte no plano número 2 dos elaborados polos servizos técnicos municipais, obrante no expediente.

2º.- En sesión do 13 de decembro de 1997, o Concello-Pleno acordou recuperar en vía administrativa a posesión do terreo cedido ó Concello coa aprobación do referido proxecto de compensación para a execución do denominado camiño interior “C”, de uso público, de acceso ás fincas números 24, 25 e 15, nas superficies ocupadas polos peches das parcelas números 24 e 25.

3º.- Interpostos contra o anterior acordo sendos recursos contencioso-administrativos, por parte dos propietarios das ditas parcelas, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentencias do 5 de decembro de 2002, estimándoos en parte, anulou o dito acto por considerar que non existía unha previa posesión pública que recuperar e porque “la realización material del camino litigioso fue acordada por la Administración de forma deferente a como pretende recuperarlo, en un acto –el de 5 de julio de 1996– que puso fin a la vía administrativa y que solo fue impugnado ante esta Sala, sin éxito, por el titular de la finca número 25 –recurso núm. 4487/97 –“.

4º.- Neste último recurso contencioso-administrativo –o número 4487/97– interposto por D. José Mario Villaverde Martínez contra a desestimación por silencio deste Concello de Vigo do recurso de revisión presentado por este contra o devandito acordo plenario do 5 de xullo de 1996, sobre rectificación do aprobatorio do proxecto de urbanización do ámbito, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desestimando o mesmo, afirmou que “no puede tenerse por acreditado que el acuerdo de 5 de julio de 1996 vaya más allá de las adaptaciones permitidas a los Proyectos de Urbanización por los artículos 92 TR 1992 y 15 TR 1976 de la Ley del Suelo y 68 del Reglamento de Planeamiento Urbanístico”.

5º.- Á vistas das referidas sentencias, e habida conta o tempo transcorrido dende a aprobación e execución da urbanización do polígono, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 2 de outubro de 2003 acordou requirir a D. Jose Villaverde Martínez a fin de que, no prazo máximo de dez días, a contar da notificación do acordo, procedese a desaloxar e deixar libre -retirando calquera peche existente- e a disposición desta administración municipal e da Xunta de Compensación do polígono, a parcela orixinaria, da que foron propietarios, identificada como 18-Bis, do proxecto de compensación do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase primeira, afectada pola execución do camiño interior C, previsto no mesmo proxecto, na superficie reflectida no proxecto de urbanización do mesmo polígono, rectificado por acordo plenario do 5 de xullo de 1996, no que, en relación co devandito proxecto de urbanización, corríronse as determinacións deste relativas ó camiño de acceso ás parcelas números 25, 24 e 15, nos termos que se recollen no plano número 2 dos elaborados polos servizos técnicos municipais, obrante no expediente e que se achegou á notificación do acordo.

Igualmente acordouse advertir ó requirido que de expira-lo devandito prazo de dez días sen que por este se tivese realizado o desaloxo ordenado, pola Alcaldía-Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, dentro dos oito días seguintes á expiración do devandito prazo, se lle apercibiría do lanzamento no término de outros 5 días, procedéndose o mesmo no día que se sinalase, mediante a utilización de medios compulsivos legalmente admitidos, correndo os gastos que se xeren a custa do requirido.

6º.- A devandita resolución adotouse en base ós fundamentos xurídicos que seguen:

"I.- Consonte os artigos 159.3 do Texto refundido da Lei do solo e 179 do Regulamento de xestión urbanística, RD 3288/1978, de 25 de agosto, a transmisión á Administración urbanística de tódolos terreos de cesión obrigatoria, en pleno dominio e libre de cargas, terá lugar, por ministerio de Lei, coa aprobación definitiva do proxecto de compensación, para a súa incorporación ó Patrimonio Municipal do Solo ou a súa afectación ós usos previstos no mesmo.

II.- De acordo co artigo 125 do Regulamento de xestión urbanística, RD 3288/1978, de 25 de agosto, o acordo aprobatorio da reparcelación e, xa que logo, tamén, o aprobatorio do proxecto de compensación (artigo 174.4 RXU) terá, respecto dos dereitos e cargas que deban extinguirse e das plantacións, obras, edificacións, instalacións e melloras que deban destruírse, o mesmo efecto que a acta de ocupación a efectos expropiatorios.

III.- Neste mesmo sentido, a propósito das prerrogativas municipais para a obtención da posesión dos terreos de cesión obrigatoria e gratuíta, establece o artigo 118.2 da vixente LOUGA, que a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita a esta Administración municipal “para proceder, inmediatamente e sen ulterior trámite, á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta, e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización”.

IV.- Respecto do procedemento de desafuzamento por vía administrativa, dispónse no Título II do Regulamento de bens das entidades locais, RD 1372/1986, de 13 de xuño, que, “Os titulares de dereitos de ocupación extinguidos serán desafuzados conforme ás normas do presente título” (artigo 121.3 RBEL); que, “A competencia e o procedemento para dispoñer-lo desafuzamento (...) e levar a cabo o lanzamento terán carácter administrativo e sumario, e a competencia exclusiva das Corporacións locais impedirá a intervención doutros organismos que non foran os previstos no presente título, así como a admisión de accións ou recursos polos Tribunais ordinarios excepto nos supostos previstos na Lei de expropiación forzosa.” (artigo 122 RBEL); que, “(...) requírirase ó interesado para que no prazo de dez días desaloxe o predio, vivenda ou local.” (artigo 129.2 RBEL); que “1) Se a pesar do requirimento que se dirixera a quen ocupasen o inmovible expropiado, con título ou sen el, non o desaloxasen dentro dos respectivos prazos, a Corporación procederá, por sí, a executa-lo desafuzamento por vía administrativa. 2) Dentro dos oito días seguintes á expiración do prazo concedido, segundo o artigo anterior, sen que o interesado desaloxase o predio, vivenda ou local de negocio, o presidente da Corporación apercibiralle de lanzamento no término doutros cinco. 3) O día fixado para o lanzamento a Corporación o executará polos seus propios medios ó cal efecto bastará a orde escrita do presidente, da que se entregará copia ó interesado.” (Artigo 130 RBEL); Finalmente, que “Os gastos a que dea lugar o lanzamento e depósito de bens serán de conta do desafuzado.” (artigo 131 RBEL).”

7º.- Contra o anterior acordo D. José Mario Villaverde Martínez interpuxo, en tempo hábil, recurso de reposición fundado nos seguintes motivos:

-- Necesidade de replantear as parcelas 24 e 25 nos termos en que manda a compensación.

-- “Que en la resolución de 30 de Septiembre de 2002, el propio Concello invocando un auto del T.S.J.G. determina como superficie indiscutible del camino, según consideración de aquel Tribunal, y según hacen constar en el plano que con la dicha resolución adjuntan. La superficie marcada por el plano de compensación

-- “Que en la Sentencia 1.422 y en los “Fundamentos de Derecho“ el T.S.J.G. valida el acuerdo de 05-07-96, en base a que la superficie no disminuye, sino que aumenta, ya que se dice por parte de ese Concello que tal circunstancia se da cuando realmente no se da en ningún caso”.

-- “Que es de general conocimiento y al alegante le consta que ese Concello sabe que, gracias a este entuerto, la parcela 24 goza de aproximadamente 35 m2 de terreno público municipal para su uso exclusivo, sin coste ni contribución, lo que constituyete un agravio comparativo en tanto en cuanto a la del alegante, como tambien me consta conoce ese Concello, la han dejado sin el estatus de parcela edificable, pese a que tal circunstancia se podía

haber dado, ya que si sobran como demuestran los hechos, metros para repartir, se podían haber repartido en otra forma, y contra pago de su valor.

-- "Que esta parte no está conforme en desalojar y dejar libre el cierre existente en el pretendido camino de acceso a las parcelas, 24, 25 y 15 en tanto en cuanto no se respete la configuración geométrica establecida en el plano de Compensación, plano nº 3 Polígono nº 1 Plan Parcial de Samil, aprobado por el Pleno del Excmo. Ayuntamiento de Vigo el 27 de Julio de 1994, ya que con la ejecución pretendida, como se dijo antes, en vez de crecer la superficie de mi parcela disminuye en 11 m2."

-- El acuerdo del Pleno Municipal de 5 de julio de 1966 ha de acomodarse a lo establecido en el Plano de Compensación aprobado el 27 de julio de 1994; criterio este concordante con los postulados de esa Gerencia, ya que es lo que resolvía el pasado 30 de Septiembre de 2002 en su Expte 3/406, desestimado por el T.S.J.G. por defecto de procedimiento, no de contenido.

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

I.- As anteriores alegacións deben ser rexeitadas polas razóns que xa se adiantaron nos antecedentes deste acordo, que son as que determinaron a anulación do acordo municipal de 13 de decembro de 1997, sobre recuperación en vía administrativa da posesión do terreo de cesión ó Concello operada coa aprobación do proxecto de compensación do ámbito, para a execución do camiño discutido. Ditas razóns son as que se conteñen nas sentencias de 5 de decembro de 2002, dictada no recurso contencioso-administrativo nº 02/5701/1998 e de 23 de novembro de 2000, dictada no recurso contencioso-administrativo nº 02/4487/1997, esto é que "La realización material del camino litigioso fue acordada por la Admnsitración de forma diferente a como pretende recuperarlo, en un acto --el de 5 de julio de 1996-- que puso fin a la vía administrativa y que solo fue impugnado ante esta Sala, sin éxito, por el titular de la finca número 25 --recurso 4487/97" e que "no puede tenerse por acreditado que el acuerdo de 5 de julio de 1996 vaya más allá de las adaptaciones permitidas a los Proyectos de Urbanización por los artículos 92 TR 1992 y 15 TR 1976 de la Ley del Suelo y 68 del Reglamento de Planeamiento Urbanístico".

Sen prexuízo de que esta Administración poida acometer a modificación do proxecto de urbanización aprobado neste concreto vial interior C e afrontar os previsibles litixios que tal modificación poida acarrear, a firmeza do proxecto de urbanización obxecto de discusión determina sen máis demora a necesidade da súa execución.

II.- De conformidade co artigo 116 do LRXPA é competente para a resolución do presente recurso de reposición o mesmo órgano que o dictou. Non obstante, tra-la entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, LMMGL, o órgano competente será a Xunta de Goberno Local, en canto órgano ó que actualmente corresponde a competencia para dicta-lo acto recorrido.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co informe-proposta precedente, acorda:

Primeiro.- Rexeitar, polas razóns que se conteñen na parte expositiva do presente acordo, o recurso de reposición interposto por D. José Mario Villaverde Martínez contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 2 de outubro de 2003, polo que se requiriu a D. José Mario Villaverde Martínez a fin de que, no prazo máximo de dez días, a contar da notificación do dito acordo, procedese a desaloxar e deixar libre --retirando calquera peche existente--, a disposición desta Administración municipal e da Xunta de Compensación do polígono, a parcela orixinaria, da que foron propietarios, identificada como 18-Bis, do proxecto de compensación do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase primeira, afectada pola execución do camiño interior C, previsto no mesmo proxecto, na superficie reflectida no proxecto de urbanización do mesmo polígono, rectificando por acordo plenario do 5 de xullo de 1996, no que, en relación co devandito proxecto de urbanización, corrixióronse as determinacións deste relativas ó camiño de acceso ás parcelas números 25, 24 e 15, nos termos que se recollen no plano número 2 dos elaborados polos servizos técnicos municipais, obrante no expediente e que foi achegado á notificación do acordo.

Segundo.- Manter firme o acordo recurrido e, xa que logo, o requerimento de desaloxo e retirada de calquera peche existente feito a D. José Mario Villaverde Martínez no acordo recurrido, salvo no que ós prazos para o seu cumprimento se refire, que, se ben serán os mesmos, comencarán a contar desde a notificación do presente acordo.

Terceiro.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ós interesados no expediente.

40(651).- PROXECTO DE ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DO TÚNEL DE ACCESO Ó PORTO DE VIGO DENDE A A-9 E MELLORAS DO TÚNEL DE BEIRAMAR. EXPTE. 1269/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de camiños, do 18.05.04, conformado polo concelleiro delegado de Infraestructuras, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar técnicamente o “Proxecto de adaptación á normativa vixente do túnel de acceso ó porto de Vigo dende a A-9, e melloras do túnel de Beiramar”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Marcos Pantaleón Prieto, cun presuposto de execución por contrata (IVE engadido) de 1.800.050,28 € e un prazo de execución de catro (4) meses.

41(652).- PROPOSTA DE SUPRESIÓN DA LOSA SUPERIOR XUNTO Á GLORIETA DO AREAL E DE SINATURA DE CONVENIO CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA FINANCIAR E CONTRATAR O “PROXECTO DE ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE

DO TÚNEL DE ACCESO Ó PORTO DE VIGO DENDE A A-9 E MELLORAS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”.

A Xunta de Goberno retira o expediente da orde do día.

42(653).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE XUÑO DE 2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 18.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de xuño.

SERVICIO	CLASIFICACION	IMPORTE
1216	Patrimonio e contratación	96,39
2220	Seguridade	625,43
4130	Sanidade	120,02
4220	Educación	470,56
4324	Electromecánicos	206,89
4420	Limpeza	1.647,13
4430	Cemiterios	77,18
4450	Medio Ambiente	360,61
4631	Participación Cidadá	71,40
5110	Vías e Obras	120,02
		3.795,63

43(654).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE XUVENTUDE DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 1092/336.

Mediante escrito de data 12 de maio de 2004 a Concellería de Xuventude, de conformidade co establecido na base 31ª das “Bases de execución do orzamento para o ano 2004” da conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor autorizados no presente ano, e que son os seguintes:

Expte: 1001/336	Asunto: Mantenimento do edificio	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2988	Adxudicatario: Varios	Importe: 3.140,29 €
Expte: 1002/336	Asunto: Maquinaria, utillaxe e calefacción	Data decreto:

		12/01/04
Operación: RC 2989	Adxudicatario: Varios	Importe: 1.911,22 €
Expte: 1003/336	Asunto: Mantenimento de ordenadores	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2990	Adxudicatario: Varios	Importe: 2.500 €
Expte: 1004/336	Asunto: Adquisición de suministros	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2991	Adxudicatario: Varios	Importe: 3.000 €
Expte: 1005/336	Asunto: Publicidade	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2993	Adxudicatario: Varios	Importe: 6.000 €
Expte: 1006/336	Asunto: Material de oficina	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2995	Adxudicatario: Varios	Importe: 1.500 €
Expte: 1007/336	Asunto: Póliza de seguros	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2996	Adxudicatario: Varios	Importe: 500 €
Expte: 1008/336	Asunto: Equipos de iluminación e son	Data decreto: 08/02/04
Operación: RC 5200	Adxudicatario: Varios	Importe: 5.100 €
Expte: 1009/336	Asunto: Material específico do C.I.D.X.	Data decreto: 12/01/04
Operación: RC 2997	Adxudicatario: Varios	Importe: 1.500 €
Expte: 1011/336	Asunto: Local de ensaio	Data decreto: 14/01/04
Operación: RC 2998	Adxudicatario: Xoma Iniciativas Sociais S.L.	Importe: 3.725,61 €
Expte: 1028/336	Asunto: Mensaxería	Data decreto: 10/03/04
Operación: RC 12588	Adxudicatario: Varios	Importe: 350 €
Expte: 1030/336	Asunto: Material específico do C.I.D.X.	Data decreto: 16/03/04
Operación: RC 16026	Adxudicatario: Varios	Importe: 1.500 €
Expte: 1048/336	Asunto: Vixianza Noites Vivas	Data decreto: 22/03/04
Operación: RC 15979	Adxudicatario: Galeserga S.L.	Importe: 1.600 €
Expte: 1050/336	Asunto: Mantenimento de mobiliario	Data decreto: 01/04/04
Operación: RC 18483	Adxudicatario: Varios	Importe: 600 €

Expte: 1063/336	Asunto: Mantenimento páxina web	Data decreto: 14/04/04
Operación: RC 20515	Adxudicatario: Varios	Importe: 1.844,40 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(655).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO PARA O ANO 2004. EXPTE. 2092/320/04.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.04, o informe de Intervención Xeral do 19.05.04, o documento contable A por importe do gastos que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobar as bases técnicas e administrativas da “Convocatoria de subvención para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento de sociocomunitario para o ano 2004.

2º.- Autorizar o gasto de 123.250,00 € con cargo á partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento.

3º.- Promover a concurrencia de solicitudes conforme o procedemento previsto nas bases.

*BASES DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO.
(CONVOCATORIA 2004)*

LIMIAR

S.ord. 24.05.04

Co fin de promove-la democracia participativa, o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo recolle entre os seus principios básicos “facilitar e promove-la iniciativa e participación dos/as veciños/as e entidades cidadás” (a título individual e agrupados de xeito formal ou informal), así como “fomentar o asociacionismo cidadán”.

Un dos instrumentos para o desenvolvemento da democracia participativa é a concesión de subvencións, anualmente recollidas no Orzamento Municipal. Con elas preténdese apoiar proxectos e actividades que permitan afondar nunha dinámica de participación cidadá plural, diversa e anovadora.

CAPÍTULO I: BASES TÉCNICAS

PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO E OBXECTO

1. As presentes bases da convocatoria establécense en función da normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello de Vigo, Regulamento de Subvencións (acordo plenarios de data 30.11.1998 e do 31.03.1989) e Bases de Execución do Presuposto, en todo aquilo que non contradiga o previsto pola lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de subvencións; co obxecto de regula-la concesión de subvencións a aquelas entidades ou individuos que desenvolvan actividades incluídas nos ámbitos de participación cidadá, sociocomunitario e/ou de mellora organizativa das entidades desvoltas dende o 1 de decembro de 2003 ata o 30 de novembro do 2004. As actividades que se leven a cabo no mes de decembro incorporaranse dentro da convocatoria seguinte.

2. A contía global das axudas non excederán de 123.250,00 euros, e concederanse con cargo á partida orzamentaria 4631.4890000 do orzamento xeral do Concello para o ano 2004. Se, unha vez adjudicadas as subvencións, non se esgotase a partida orzamentaria, poderá efectuarse unha convocatoria complementaria.

3. Cada axuda, individualizada por solicitante, non superará o 20% do importe citado no apartado anterior.

SEGUNDA: SOLICITANTES

1. Poderán ser solicitantes das subvencións aquelas entidades ou persoas físicas, agrupadas ou non, que realicen actividades enmarcadas na disposición 1ª-1 e que cumpran cos requisitos xerais das bases e cos específicos de cada programa.

Clasificarase nas tres categorías seguintes:

1.a Categoría A. Entidades sen ánimo de lucro de ámbito local inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter como fin estatutario primordial o desenvolvemento comunitario con base territorial (barrio ou parroquia) no Concello de Vigo.
- Dispor dun local onde realizar unha programación estable de actividades.

1.b Categoría B. Tódalas entidades sen ánimo de lucro de ámbito local inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, así como as agrupacións destas entidades (federacións, redes, unión temporais de entidades que presentan solidariamente un proxecto conxunto, etc). Nesta categoría tamén se poden presenta-las entidades incluídas na categoría anterior.

1.c Categoría C:

- a) Entidades das categorías anteriores.
- b) Entidades sen ánimo de lucro de ámbito supralocal inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- c) Persoas físicas, agrupadas ou non.
- d) Entidades de economía social.

2. Supostos excluídos.

- a) *As entidades sen ánimo de lucro que non se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ou as que non teñan os seus datos actualizados, segundo o previsto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- b) *As entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.*
- c) *As vocalías dependentes directa ou indirectamente dunha asociación.*
- d) *Administracións públicas, así como entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.*
- e) *As entidades ou persoas físicas que non teñan debidamente xustificadas axudas recibidas en anos anteriores.*
- f) *En xeral, as entidades ou persoas físicas que non cumpran os requisitos indicados nas bases ou na normativa sobre subvencións concedidas polo Concello de Vigo.*

TERCEIRA: PROPOSTAS SUBVENCIONABLES

1. Poderán ser obxecto de subvención, as propostas que teñan como finalidade a consecución de algúns destes obxectivos xerais e en función do ámbito do sectorial e territorial da entidade solicitante:

- *Fomentala participación cidadá nos asuntos de interese xeral, e en particular a participación de colectivos habitualmente excluídos dos procesos de toma de decisións públicas.*
- *Fomentalo desenvolvemento de actividades de carácter comunitario nos barrios e parroquias da cidade.*
- *Fomentala dinamización asociativa, o traballo en rede e a corresponsabilización dos axentes implicados no proceso e os seus destinatarios.*
- *Potenciala relación entre os veciños.*
- *Fomentalo sentimento de pertenza a comunidade e coñecemento do barrio e/ou parroquia.*
- *Promovela cohesión social da cidade.*
- *Propoñer espazos/foros abertos de debate, intercambio de ideas, experiencias para a comunicación*
- *Incidir na información, formación e promoción de conductas e valores cívicos en xeral.*
- *Promovela sensibilización cidadá respecto á mellora de hábitos con relación ó entorno e espazos públicos, así como o respecto ás persoas e os dereitos cidadáns.*

A tal fin, as propostas subvencionables enmarcaranse nos seguintes programas:

1.a Para os solicitantes da categoría A:

I. Actividades sociocomunitarias ordinarias, de carácter estable e abertas ao público en xeral: actividades de difusión e coñecemento da cultura e tradición popular, xogos sociais, cursos, talleres, obradoiros, exposicións temporais, publicacións periódicas informativas, etc.

1.b Para os solicitantes da categoría A e B:

II. Actividades extraordinarias para o fomento da participación cidadá: campañas de sensibilización e mobilización cidadá, fomento do voluntariado, fomento do asociacionismo, edición de estudos e investigacións, xornadas e congresos, viaxes, etc.

III. Actividades para a mellora organizativa de entidades: formación do voluntariado, formación do persoal técnico e directivo, programas de ampliación da base social, desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión, proxectos que midan os resultados e faciliten a rendición de contas, investigacións

que conduzan á realización de plans de actuación e/ou actividades innovadoras, apoio á constitución de redes, etc,

1.c Para os solicitantes da categoría C:

IV. Outras actividades no ámbito de participación cidadá.

2. As propostas poderán ser desestimadas con base en:

- a) Que teñan unha relación e canle mais específica de subvención con outras areas do Concello de Vigo.
- b) Que leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestructuras e equipamentos) e o seu mantemento sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens, gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- c) Que exclusivamente incorporen gastos de administración e mantemento (persoal de administración, alugamentos, subministracións, seguros, reparacións e reposicións, prestacións de servizos, etc).
- d) Que supoñan a edición de documentos internos, ase como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- e) Que correspondendo cos Programas I, II e IV, non teñan carácter de abertas público en xeral.
- f) Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- g) Aquelas que inclúan actividades docentes previstas nos planos de ensino vixente
- h) Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnen as condicións mínimas de interese xeral, baseándose nos criterios de avaliación estipulados, e non acaden a valoración mínima.

CUARTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PROGRAMAS

a) Criterios de avaliación da entidade ou persoa solicitante:

- Traxectoria demostrada pola entidade, o seu volume e representatividade, capacidade suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza a que se presenta, e a adecuación ás demandas e problemáticas do ámbito colectivo.

b) Criterios de avaliación da proposta, programa e/ou actividade:

- Calidade técnica da proposta: deseño, metodoloxía, organización de recursos, mobilización cidadá prevista; cantidade, diversidade e novación das actividades.
- Axuste da actividade ás prioridades e as necesidades sociais detectadas pola Concellería de Participación Cidadá.
- Orzamento de gastos e ingresos relacionado ca actividade específica: Presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade.
- Impacto, persoas beneficiarias (número e características) e resultados esperados da acción no ámbito ao que se dirixe e, en particular, na cidade de Vigo; produtos de interese que se poidan xerar no programa ou actividade, grao de continuidade en anos sucesivos.
- Coordinación con outras entidades asociativas.

CAPÍTULO II: BASES ADMINISTRATIVAS

QUINTA: SOLICITUDE

1. A subvención presentarase en instancia de solicitude no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación na prensa local e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Achegarase:

- a) Datos da entidade/persoa física e, de se-lo caso, datos da persoa que representa á entidade.
- b) Aqueles programas aos que se presenta proposta e o importe de axuda solicitada.

2. A documentación que se achegará á instancia de solicitude será:

2.a Por solicitante:

- *Persoas xurídicas:*
 - Anexo 1a: Certificación da persoa xurídica no que constará o acordo de face-la solicitude da subvención e a concesión de poder á persoa que a representa.
 - Anexo 1b: Achegando fotocopia compulsada do CIF e certificado da titularidade da conta bancaria. Non se requirirá esta documentación a aquelas entidades inscritas no rexistro Municipal de Asociacións que teñan os seus datos actualizados
 - Anexo 1c: Achegando certificación expedida de estar ó corrente das obrigas fiscais (Concello, Consellaría de Facenda e Axencia Estatal da Administración Tributaria) e da Seguridade Social, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar e indicando a convocatoria e dependencia administrativa no que foi entregada.
- *Persoas físicas:*
 - Breve currículum vitae
 - Anexo 1b, contendo a documentación do apartado anterior.
 - Anexo 1c, contendo a documentación do apartado anterior.

2.b Por acción, programa ou proxecto proposto:

Anexo 2: Documentación e información da proposta de actividade e información complementaria. Poderase presentar máis dunha proposta de actividade por cada programa de subvención cubrirase necesariamente a información solicitada no formulario deste anexo.

3. A porcentaxe de financiamento de cada actuación obxecto de subvención fixarase individualmente por solicitude en función do seu interese a criterio da Concellaría de Participación Cidadá, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións

4. As axudas previstas nesta convocatoria serán compatibles con calquera outras de natureza pública ou privada sempre e cando o seu importe total non exceda do 100 % do custo total do proxecto.

5. Do orzamento total da actividade dedicarase como mínimo un 10% do orzamento total aos elementos de información e publicidade das accións subvencionadas (carteis, programas, pancartas, etc) conforme as condicións da disposición 6ª.1.b.

6. No que atinxe aos cursos de formación previstos dentro do Programa III, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumno/a e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

7. As publicacións periódicas e accións editoriais acollidas aos Programas I ou II cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Non ter carácter de boletín interno da asociación.

- b) *Presentar un proxecto editorial no que se inclúan entre outros datos: responsables da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.*
- c) *Dispor de depósito legal.*
- d) *Dedicar unha páxina de publicidade gratuita para a inserción da publicidade e anuncios da Concellaría de Participación Cidadá.*
- e) *Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellaría de Participación Cidadá segundo a disposición 6ª 2.b*
- f) *Depositar gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Participación Cidadá no prazo máximo dun mes dende a súa edición.*
- g) *Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse un exemplar dela.*

8. *No Programa IV soamente se admitirá unha proposta-proxecto por solicitante.*

SEXTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

1. *Os/as beneficiarios/as de subvención adquiren as seguintes obrigas:*

- a) *Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e términos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, etc) e responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
- b) *Facer constar en lugar destacado da publicidade das propostas subvencionadas a colaboración da Concellaría de Participación Cidadá, con incorporación do seu logotipo segundo o modelo adxunto ás bases. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*
- c) *Notificar á Concellaría de Participación Cidadá a programación de actividades de cada mes cun prazo de anticipación de quince días. Así, a Concellaría reforzará a difusión e publicidade das actividades desenvoltas polos beneficiarios/as das axudas.*
- d) *Emprega-la lingua galega nos distintos soportes de difusión das actividades. En todo caso, estarase ó disposto na Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*
- e) *Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención de axudas para a mesma finalidade, segundo o procedemento previsto na disposición 8ª-7.*
- f) *Someterse ás actuacións de seguimento, control e inspección que o Concello considere necesarias.*
- g) *Responder legalmente da falla de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
- h) *Acreditar a execución da proposta que fundamenta a concesión da axuda e cumprir os requisitos de xustificación que se determine.*

SÉTIMA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. *As e os beneficiarios xustificarán a execución da proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes á súa finalización. En todo caso, a data límite para a presentación da xustificación será o 30 de novembro de 2004. De non cumprirse este requisito perderase o dereito a percibi-la axuda.*

2. *A xustificación de cada programa subvencionado efectuarase no Anexo 3, que recollerá:*

- a) *Solicitude de liquidación final.*
- b) *Memoria-avaliación descritiva do desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado, o cal deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - *Participantes: número, perfil, etc.*
 - *Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.*
 - *Memoria de comunicación e información: achegando dous exemplares dos programas, impresos informativos e publicacións editados, carteis, etc.(mínimo 10% do orzamento total).*

- *Balance económico, xunto coa relación detallada de tódolos gastos e ingresos efectuados, facendo constalos datos do emisor da factura, importe, concepto; ingresos propios da actividade, contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías e procedencia das achegas doutras institucións e entidades públicas ou privadas, etc,*

- c) *Facturas orixinais polo importe definitivo subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas do artigo 3 do R.D. 2402/1985. De ter pagamentos a persoas físicas e/ou profesionais, copia das liquidacións das retencións do IRPF presentadas na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
No caso de subvencionar máis do 50% do custo do programa, engadirase fotocopias do resto de facturas ata xustificar o total do gasto definitivo.*

3. *Consideraranse gastos subvencionables, entre outros,:*

- a) *Os gastos de preparación, seguimento e control do proxecto que non excedan do 5% do custo total do mesmo.*
- b) *Subministracións e bens consumibles nas actividades.*
- c) *Gastos diversos de natureza corrente que garden relación directa coa actividade que sexan necesarios para o seu desenvolvemento: publicidade, atencións protocolarias, aloxamentos, desprazamentos, etc. Os gastos gastronómicos non superarán o 25% da subvención concedida sempe e cando fosen presupostados na memoria descriptiva da proposta.*
- d) *Gastos de alugamento de ben mobles e inmobles: maquinaria e instalacións, material de transporte, mobiliario e enseres, equipos para procesos de información, aulas, etc.*
- e) *Gastos executados con empresas externas ou profesionais independentes, así como os custos de contratacións laborais por obras e servicios concretos que non teñen unha mínima vocación de permanencia ou indefinición temporal, nin aquelas que garden relación cunha actividade referida a funcións administrativas ou de mantemento da entidade que signifique un desempeño de tarefas habituais na mesma.*

4. *Non se considerará xustificación de gasto a compensación de cotas tributarias.*

5. *Nos cursos de formación previstos nos diferentes programas, ademais do anteriormente exposto, as seguintes condicións:*

- a) *Levar un control escrito diario do alumnado asistente ao curso, que se achegará coa memoria descriptiva da actividade.*
- b) *Entregar un certificado de asistencia ao alumnado que complete máis do 75% das horas docentes. O modelo de certificado será proporcionado pola Concellaría de Participación Cidadá.*

6. *Achegaranse gratuitamente dous exemplares das accións editoriais e publicacións acollidas ós Programas I ou II*

7. *O pagamento da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez sexa xustificada.*

OITAVA: PROCEDIMENTO

1. *A presentación das instancias e da documentación esixida terá lugar no Rexistro Xeral do Concello segundo os prazos indicados para cada caso, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992.*

2. *A Concellaría de Participación Cidadá poderá prolonga-lo prazo de solicitudes, se o cre oportuno, ou abrir un novo prazo se non se esgotase a partida orzamentaria dedicada a este programa ou o aconsellen outras circunstancias excepcionais suficientemente motivadas. A prórroga non excederá da metade do prazo fixado inicialmente para o procedemento.*

3. De non cumpriren as solicitudes os requisitos esixidos nas bases ou a documentación achegada contivese erros ou fose insuficiente, a Concellaría de Participación Cidadá requiriralle ao solicitante que, nun prazo non superior a 10 días a partir da recepción da correspondente notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle desestimarán a súa petición.

4. A aprobación das subvencións, en función das solicitudes presentadas, corresponderalle á Xunta de Goberno. Esta resolución adoptarase tras os informes técnicos da Concellaría de Participación Cidadá, conforme aos criterios de avaliación establecidos na disposición 4ª e dentro do prazo máximo de dous meses a partir da finalización do prazo de solicitude. En todo caso, as subvencións, e en particular o acto do seu outorgamento, axustaranse ás seguintes normas:

- a) Non terán carácter contractual.
- b) Concederanse en réxime de libre concorrència.
- c) Non serán invocables como precedente.
- d) Non será esixible revisión, aumento ou renovación da subvención.

5. A orde de resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e comunicaráselle aos correspondentes beneficiarios. Esgotado o prazo máximo de 6 meses para resolve-lo procedemento sen resolución expresa a favor, entenderase desestimada a solicitude conforme o artigo 43-2ª c da Lei 30/1992.

6. Reclamacións:

- a) Contra a resolución do outorgamento poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa (tras modificación dada pola lei 19/2003 de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asimesmo, contra a presente resolución tamén poderase interpoñer directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En tódolos casos os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición enténdese desestimado.

7. A aparición de eventualidades na execución do programa e/ou no orzamento da proposta realizada comunicarase no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, solicitarase. Asemade, modificación de concesión da presente subvención. Esta modificación realizarase sempre antes de que remate a execución da proposta subvencionada e, en ningún caso, suporá incremento da subvención. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

8. As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. En todo caso, o importe total das axudas recibidas non poderá ser nunca superior ao custo da proposta na que se aplique; nese caso deberá solicitar redución da concesión ata iguála-lo seu custo. Tampouco será compatible con outras axudas do Concello de Vigo polo mesmo obxecto que se subvencione.

NOVENA: SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

1. O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos, realizará o seguimento, control e inspección do cumprimento dos programas subvencionados nas presentes bases, así como da aplicación dos fondos concedidos ás partidas presupostadas.

DÉCIMA: REVOGACIÓN DA SUBVENCIÓN

1. O incumprimento por parte do beneficiario/a das subvencións de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación ou insuficiente xustificación do proxecto, poderán dar lugar a revogación da subvención e a obriga de reintegrar a totalidade da axuda percibida e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pagamento.

DÉCIMO PRIMEIRA: RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

1. Os/as beneficiarios/as de subvencións están sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións administrativas na materia establece o artigo 82 da Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO SEGUNDA: DESENVOLVEMENTO

1. A Concellaira-Delegada da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para tomar todas aquelas iniciativas que contribúan ao cumprimento destas bases e estará suxeita en todo caso á lexislación vixente en materia de subvencións.

45(656).- INFORME XURÍDICO SOBRE AS OBRAS A REALIZAR NO ESTADIO DE BALAIOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A Xunta de Goberno, tendo en conta as consecuencias que pode ter a non aprobación do presuposto municipal, acorda solicitar do titular do órgano de apoio á mesma un informe xurídico sobre as actuacións que debe facer o Concello no Estadio de Balaídos como resultado da Auditoría que se realizou sobre o seu estado de conservación.

46(657).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.